

vilalba

Presentan o proxecto de reforma e humanización da rúa da Pravia. **Pax. 6**

guitiriz

O Concello estuda crear espazos de estacionamento gratuito regulado. **Pax. 15**

begonte

Entrevista ao alcalde, José Ulla, na que fala do presente e futuro do Concello. **Pax. 16**

muras

O Concello farase cargo do custe da limpeza pola tuberculose da Balsa. **Pax. 23**

xermade

Piden tres axudas para proxectos turísticos e medioambientais a desenvolver no concello. **Pax. 24**

Volven as citas co queixo, o gando e a música



festa do queixo San Simón. A primeira fin de semana de abril en Vilalba.

fv. Xa ten deseñado o seu cartel para esta edición, que será do 22 ao 24.

moexmu. Todo listo en Muimenta para a cita coa feira máis tradicional

Adjudican varias obras en rúas pontesas

Os traballos teñen como obxectivo prioritario mellorar a accesibilidade da zona. **Pax. 7**

Volve a Copa Deputación de fútbol

Dará comezo o 17 de maio e participarán 76 equipos das diferentes categorías. **Pax. 26**

Aprobación do Plan Único en abril

A Deputación acorda urxirlle á Xunta que asuma o custo da acometida ás torres de telefonía. **Pax. 28**

Xogos de Primavera



Actividades lúdicas en Guitiriz para a socialización interxeracional. **Pax. 14**

Festa da Bola de Liscos



Bretoña recuperará o 24 a Festa da Bola de Liscos e das Freces **Pax. 20**

Volve a carreira de Friol



A VIII carreira popular regresa á vila o sábado 9 de abril. **Pax. 27**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

Combo primavera

**+ LENTES BRANCAS
LENTES DE SOL**

dende **70€**
monofocais

dende **250€**
progresivas

VILALBA
Tel. 982 510 100
AS PONTES
Tel. 981 451 504



Nº R.S. 2-27-000151 / 2-27-000150
Nº R.S. 2-15-000024 / 2-15-000170

Convocan unha nova edición do Certame Literario e o de Microrrelatos

Xa están publicadas as bases do XLVIII Premio de Poesía do seu Certame Literario, dotado con 7.000 euros e a publicación da obra. O prazo para presentar os traballos remata o 3 de xuño ás 14:00 horas.

O Certame Literario de Vilalba é un premio de poesía en galego con case 50 anos de historia, cuxa entrega de premios celébrase tradicionalmente en agosto. O gañador recibe, ademais da dotación económica, unha flor natural e un diploma. Poderán concorrer ao concurso todos os autores e autoras que o desexen, sempre que presenten obras orixinais en lingua galega.

MICRORELATOS. Organizada tamén a cuarta edición do seu concurso de microrrelatos, que ten como obxectivo conmemorar o Día do Libro 2022 e fomentar na poboación o achegamento á lectura literaria. Poden concursar todas as persoas que o desexen. Os relatos deberán estar escritos en lingua galega, ser orixinais e inéditos. O tema é libre e deberá conter, polo menos unha vez, a palabra libro no corpo do microrrelato. Cada participante poderá presentar un máximo dun microrrelato e as obras terán como máximo 100 palabras (título incluído). O prazo para a presentación de textos estará aberto ata o 22 de abril. Establécense tres categorías: Infantil (ata 11 anos); Xuvenil (de 12 a 17 anos), e Adultos/as (a partir dos 18 anos). Haberá premios para os tres mellores microrrelatos nas tres categorías.

O FIV pecha o cartel para a edición 2022

O Concello de Vilalba volverá tingirse de fucsia do 22 ao 24 de abril para celebrar a décimo quinta edición do FIV de Vilalba. As actuacións estarán repartidas durante a fin de semana nos escenarios situados na Praza da Constitución, o Escenario Emerxente, e no Campo da Feira, o Escenario FIV. A conta atrás comezou. En menos dun mes, o FIV de Vilalba volverá tingir de rosa fucsia a localidade que lle viu nacer fai xa quince edicións. Do 22 ao 24 de abril, o FIV acollerá este 2022 un dos carteis máis completos que se lembran. Unha oferta musical que naceu anos atrás, ao amparo das Festas Patronais de Vilalba, e que, tras máis dunha década de historia, foi adaptándose aos tempos ata converterse nun referente do calendario festivalero nacional. A partir da cuarta edición, o festival adquiriu entidade propia, celebrándose ininterrompidamente nos meses primaverais ano tras ano; ata a chegada da Covid19. Agora, por fin, o FIV volve á súa orixe e abrirá de novo a tempada de festivais ao grande, xa que a oferta vai moito máis alá da música.

Trátase dun evento único que funciona ademais como dinamizador cultural do territorio, xa que durante o mesmo, a música mestúrase con outras disciplinas atractivas que completan a experiencia. De novo, nesta edición, o FIV de Vilalba e o Concello de Vilalba darán continuidade á programación paralela ao festival, que pasa por unha oferta gastronómica de primeiro nivel, a experiencia na zona de acampada... Todo ao dispor dun público moi fiel que contará,



como sempre, cunha proposta apta para todas as idades. O festival conta ademais co apoio de Vibra Mahou, a plataforma de música de Mahou Cinco Estrellas que xera encontros en torno ao directo.

TEMPADA. O FIV abre a tempada do calendario festivalero, e faino ao grande. Cun exquisito cartel que aúna bandas e artistas de primeira liña do panorama indie nacional e galego. Pois Sen Senra, Viva Suecia, Natalia Lacunza, La La Love You, Rufus T. Firefly, Cupido, Carlos Sadness, Baiuca, Forget la france, Delafé Dj Set, Idoipe, la Banda de Música de Vilalba, The Zephyr Bones, Kokoshca, Juárez, Fábrica de Espejos e as sesións dj a cargo de Rapariga Dj, Isaac Peces, Saya e Russ conforman unha das programacións máis completas que se lembran. Un total de dezanove propostas que chegan ao festival con novas cancións, novos discos e mesmo estreando material a piques de saír.

Vilalba gozará durante esa fin de semana das diversas actuacións e actividades, que estarán repartidas entre os escenarios situados na Praza da Constitución -o Escenario Emerxente-, e no Campo da Feira -o Escenario FIV-, albergando este ano un aforo para 5.000 persoas. Un evento que garantirá, en todo momento, a seguridade de público e artistas seguindo os protocolos sanitarios vixentes durante a súa celebración.

Sen Senra, Viva Suecia, Natalia Lacunza, La La Love You, Rufus T. Firefly, Cupido, Carlos Sadness, Baiuca, Forget la france, Delafé Dj Set, Idoipe, la Banda de Música de Vilalba, The Zephyr Bones, Kokoshca, Juárez, Fábrica de Espejos e as sesións dj a cargo de Rapariga Dj, Isaac Peces, Saya e Russ completan o cartel do esperado primeiro festival da tempada.

Un acontecemento clave para Vilalba, que pode desenvolverse grazas ao apoio do concello e que supón para a localidade unha inxección importante en canto á



revitalización económica; pois o seu desenvolvemento tradúcese en emprego, promoción da localidade, e atracción do turismo. Ademais, este ano volverá a reactivarse a campaña #EuSonFIV, na que comercio e hostalería ofrecerán diferentes descontos na vila a todos aqueles clientes que acrediten ser público do festival (mediante a pulseira oficial do FIV 2022).

O FIV, xunto ao Concello de Vilalba, volve conxugar a esencia do propio festival marcada polos mellores artistas do panorama indie nacional dando continuidade á programación paralela do festival, aproveitando distintos espazos da localidade dinamizando e ampliando a actividade na vila. Actividades alternativas, aderezadas coa mellor música en directo, e coa posibilidade de combinalo todo coa oferta gastronómica local. Unha nova edición do FIV que volve destacar nesta 15ª edición a importancia e o protagonismo de Vilalba.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito




Volve a Feira do Queixo San Simón

Vilalba acollerá durante a primeira fin de semana de abril, como é tradición, unha nova edición da Feira do Queixo da San Simón da Costa, unha feira que chega a súa vixesimo sexta edición.

Contará con dous días de feira, o 2 e o 3 de abril, e desenvolverase na praza da Constitución, onde se colocarán os stands de artesáns e produtos gastronómicos.

O programa dará comezo o sábado día 2 ás 12.30 horas cun showcooking a cargo de Xoanqui Ameixeiras na praza da Constitución e que terá un aforo limitado a 50 persoas.

Ás 16.30 horas será o taller infantil de elaboración de queixos e no que os pequenos aprenderán as maneiras de elaborar un bo queixo San Simón. Máis tarde, ás 18.00, haberá pasarrúas a cargo



da Banda de Gaitas Mato Vizoso. Xa ás 19.00 horas será a quenda do pregón no templete da praza

que nesta ocasión corre a cargo de Francisco Sineiro, profesor de Economía Agraria na Escola Superior de Enxeñaría de Lugo e investigador do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

O domingo ás 11.00 horas os Buxos VERdes animarán á veciñanza coa súa música e ás 13.00 horas será a ocasión de bailar cos Festivcultores. Ademais, durante toda a xornada poderás desfrutar dunha degustación gratuita nunha food-truck situada na praza.

CONCURSO DE TAPAS. A Festa conta cunha serie de actividades paralelas como o concurso de tapas, no que participan un total de 22 establecementos de hostalería ata o 3 de abril.

As tapas están elaboradas de xeito tradicional ou ofrecendo unha

tapa de maneira máis novedosa e creativa, mantendo sempre as materias primas. Terán que inscribirse nunha das dúas modalidades que prefiran: tradicional (1,80 euros) ou creativa (dende 2,50 euros ata o precio que considere o hostaleiro).

Haberá premio para a tapa máis votada en cada unha das categorías, ademais, os oito establecementos que reciban máis puntuación pasarán á final. Estes establecementos finalistas serán debidamente avisados para citalos a elaborar a tapa para proceder á derradeira valoración do xurado, que se realizará o xoves 7 de abril nos establecementos finalistas.

Os consumidores das tapas poderán ademais participar na Ruta do Tapeo ata o día 3 de abril de 2022.

A PRODUCCIÓN

O ano pasado elaboráronse 593.886 quilos, fronte aos 459.788 do ano anterior o que supuxo un crecemento do 29,17%. Este dato compensa a baixada do 16,61% do 2020.

Repecto do ano 2019, o último pre-pandemia, tamén hai un incremento dun total de 7,15% o que supón que o queixo recupera a súa tendencia ao crecemento e certifica a importancia que tivo a irrupción da covid-19 na comercialización.

Nos últimos dous anos, foron elaborados 459.339 unidades de queixo grande, fronte ás 356.050 do pasado. O bufón, pasou de 140.007 unidades no 2020 a 178.059 no seguinte. Polo tanto, o total de unidades elaboradas vese a evolución clara dende as 496.057 ás 637.398 (490.951/631.565 certificadas).

“A función da festa é promocionar a gastronomía a través de cociñeiros”

Javier Piñeiro é o presidente da Asociación de Queixeiros de Vilalba

Cando se formou a asociación de queixeiros e cal é a súa finalidade?

A asociación ten xa 23 anos e fíxose basicamente nalquel momento para levar adiante a festa do queixo, despois, co tempo, fixéronse outras cousas outros anos, pero usámola basicamente para facer aquelas accións que cada un por separado non podemos facer.

Cantos socios sodes actualmente?

Actualmente somos sete, todas queixerías e todas do termo municipal de Vilalba, repartidas por Lanzós, Oleiros e a propia Vilalba. Dende que empezou a asociación incorporouse unha queixería, a de Oleiros e estamos á espera de que se sumen

outras dúas. Se se produce esta incorporación formaríamos parte da asociación todas as de Vilalba.

Que respaldo ten a asociación das administracións?

Nós temos moito apoio da Xunta polo tema da festa grazas á liña de axudas de promoción alimentaria, tamén contamos co apoio polo Concello para realizar a festa e despois unha entidade privada que nos apoia todos os anos é Caixa Rural.

Que planes de futuro tedes?

Cabe a posibilidade, non sabemos aínda, a asistencia a outras feiras fóra. Xa se fixo algún outro ano pero si esto recupera un pouco e volvemos á situación que tiñamos no

2019, antes da pandemia, se poidan facer actividades deste tipo. Estamos barallando esta posibilidade de asistir incluso fóra de España pero agora mesmo coa situación sanitaria fáisenos difícil.

Que relación teñen con outra das entidades vinculadas, o Consello Regular da Denominación de Orixe?

Facemos cousas conxuntas, pero non teñen nada que ver, eles ocúpense de levar o tema da denominación de orixe e nós somos unha asociación para chegar a cousas que o Consello Regulador non podeía chegar nin pode agora, porque é un ente que non ten esa capacidade, por exemplo organizar a feira. Colabora moi



estritamente na organización.

Que retos teñen por superar agora mesmo?

Temos unha gran lista deles. A situación económica é un deles, que nos afecta a todos, tras a situación pasada imos ao ralentí. A nivel de axudas estamos na mesma doutros anos polo que non nos poidemos queixar. Agora mesmo o que dicíamos, á asistencia ás feiras está parada e os nosos problemas son a nivel xeral os mesmos da sociedade.

Como foi a evolución da feira?

As primeiras edicións non as organizou a asociación, as dúas ou tres primeiras. A festa pasou de ser feira a ser festa. Pasou de ser un acontecemento do mes de marzo, que logo xa pasaría a ser no mes de abril fixo a primeira fin de semana. Pasou de ser unha cita para vender queixos e solucionar o mes porque a cantidade de queixo que movías ese día era moi importante para o produto que tiñas daquela. Hoxe eso cambiou, a venda está en segundo plano o que se persegue máis é a promoción. Os últimos anos intentamos promocionar a gastronomía, a través de cociñeiros, e nesa liña seguimos, intentamos promocionar, a función da festa é esa, promocionar o queixo.

Como se plantexa esta edición?

Queremos retomar a feira da mellor maneira despois de dous anos de parón, si temos sorte co tempo pensamos que pode haber unha boa festa, que pode ser amena para a xente de Vilalba e para a xente de fóra.

Pásate á
MEGA FIBRA DE ADAMO



Chama xa gratis ao
900 651 679

Visítanos en www.adamo.es

Fibra 1.000 Mb
Móbil 50 GB
con chamadas ilimitadas

Aforra
168€!

30 €/mes
~~44€/mes~~

Dto. durante 12 meses!

adamo
La mega fibra



A revolución da Wi-Fi chega con Adamo! Instalámosche gratis o mellor router do mercado



Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre o 01/02/2022 ao 30/04/2022, ambos inclusive. Non combinable con outras promocións. Internet FAST! + móbil ilimitado 25 GB coa promoción, durante os primeiros 12 meses, só pagarás 30 €/mes, despois PVP total 44 €/mes. Ademais, por contratar móbil 25 GB, levas de agasallo 25 GB adicionais para sempre. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita á permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes de transcurrir 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35€ (IVE incluído) en concepto de permanencia. Liñas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

Tanxugueiras actuarán en Vilalba polas festas patronais

Como organizadores das festas, o Concello de Vilalba vén de anunciar a presenza do trío galego Tanxugueiras nas festas patronais cun concerto de balde o día 30 de agosto. A actuación das Tanxugueiras é a primeira das confirmacións destas datas tan sinaladas para vilalbesas e vilalbeses.

Desde o Concello engadiron que darán máis información a medida que se achegue a data, seguindo as indicacións e protocolos do momento no que se realice o concerto.

Con este anuncio, no que lembraron a presenza das voces de Aida, Olaia e Sabela sobre o escenario do Auditorio Municipal hai pouco máis dun ano, pretenden dar resposta á alta demanda deste grupo logo de romper moldes e revolucionar o panorama internacional.

Renovarán varias vías en Nete, Insua e Torre

O equipo de Goberno renovará varias vías de titularidade municipal nas parroquias de Nete, Insua e A Torre, mediante a limpeza de noiros, a rexeneración da capa de rodadura e a colocación de sinais verticais. O investimento superará os 81.000 euros.

En Nete, as obras serán no vial que parte dende a estrada autonómica LU-541 (P.K. 12+430) e atravesa os núcleos de O Caxigal e O Raño, ata rematar na estrada municipal 065_012, preto do núcleo de Doade. Ten un percorrido de 2.610 metros.

Haberá tamén traballos no camiño que parte dende a estrada provincial LU-P-6506 (P.K. 1+160) e discorre en dirección norte atravesando o núcleo de Santalla ata rematar no núcleo de Marcelle,

na estrada municipal 065_407. Ten un percorrido de 1.680 metros.

Trátase dun vial cunha densidade de tráfico notable debido ó intenso uso que fan do mesmo os veciños destas parroquias e outras próximas. Comunica cunha estrada de maior entidade como é a LU-P-6506 e da acceso á igrexa parroquial de Insua. Ademais, ten continuidade na parroquia de A Torre ata rematar na estrada estatal N-634 xunto á igrexa parroquial de A Torre.

A terceira actuación será en dúas estradas nas parroquias de Nete, Insua e A Torre. Unha delas comeza na LU-541 e remata na 065_012, mentres que a segunda comeza na LU-P-6506 e remata na 065_407.

O Concello recibe as seis parcelas de Entrepinares no polígono



O Concello de Vilalba recepciónou as novas parcelas de titularidade municipal no Polígono Industrial, rematando así a actuación urbanística do Plan de Sectorización promovido pola empresa Entrepinares en virtude da cal o Concello, segundo acordo da Xunta de Goberno Local o 14 de xuño de 2018, aceptou a cesión e pasou a ser propietario dos terreos. En concreto, recepciónou seis parcelas para uso industrial cunha superfi-

cie total aproximada de algo máis de 7.000 m² e unha superficie edificable de 5.615 m²; ademais, unha parcela de uso dotacional de 2.868 m² cunha superficie edificable de 2.294 m²; unha parcela para aparcadoiro de 3.763 m², e unha parcela para zona verde de 9.155 m².

A fórmula elixida para a venda das seis parcelas de uso industrial será previsiblemente a subasta previa valoración dos terreos.

O PP elixe presidenta a Sandra Vázquez

O PP de Vilalba elixiu por aclamación á deputada autonómica e, ata agora presidenta da xestora, Sandra Vázquez, como nova presidenta no congreso no que se renovou a xunta directiva local. Son medio cento de persoas que constitúen "un equipo con compromiso, ilusión e responsabilidade integrado por caras novas de xente moza e persoas con experiencia en gobernos anteriores".

A executiva estará integrada por 10 mulleres e 5 homes. Xunto á presidenta, conforman este comité Pepe Franco como secretario xeral; Sandra Rivas como secretaria de Participación e Acción Electoral e José Antonio Pita como secretario de organiza-

ción. As vicesecretarías contarán con Carmen Otero como responsable de Política Social e Maires; José Janeiro en Deportes e Tecido Asociativo; Sandra de Bernardo, en Comunicación; José María García-Leira Boado, en Promoción Económica, Iniciativa Empresarial e Industria; Agustina Fernández, en Sanidade; Paula Gestó en Infancia e Xuventude, Gaudi Pérez en Medio Rural e Medio Ambiente; Patricia Teijeiro en Cultura e Educación; Inmaculada Ramudo, en Infraestruturas e Mobilidade; Flor Rey en Igualdade; e Begoña Novo en Comercio e Turismo.

A proposta da actual presidenta, únense a José María García Leira na



presidencia de honra do Partido Popular de Vilalba Agustín Baamonde e Gerardo Criado que tamén foron alcaldes de Vilalba e, polo tanto, teñen moito que ver -xunto ás persoas que integraron os distintos gobernos- no desenvolvemento de Vilalba e o municipio que hoxe coñecemos".

Manu Chao visitou Vilalba, a terra natal do seu pai

Manu Chao estivo en Galicia na primeira quincena de marzo para ofrecer unha pequena xira, baixo o sobrenome de *O Chapulín solo*, un proxecto acústico co que presentou temas novos e de sempre sen perder de vista a ledicia, a loita e o compromiso que caracteriza a súa música. Así, recalou na compostelá Sala Capitol e na luguesa Sala Tebras. Foron os primeiros concertos de Manu en terra galega dende 2014, cando actuou por última vez en Reperkusión, o festival ourensán de Bemposta no que o músico se involucrou con actuacións durante tres anos consecutivos.

No ecuador desta xira galega ache-



gouse un día ata Vilalba, a terra natal do seu pai e dos veráns da súa infancia. Foi nunha visita privada para saudar a familiares e amigos, na que moitos chairegos lle pediron que volvесе pronto para tocar, preferentemente nas festas.

Pack Familia
Internet
Fibra Óptica 600Mbps
2 liñas móbiles
chamadas ilimitadas
24Gb de Datos
Teléfono Fixo
Televisión
59€
*Engade máis liñas móbiles desde 6,90€

Pack Económico
Internet
Fibra Óptica 100Mbps
1 liña móbil
chamadas ilimitadas
15Gb de Datos
35€
*Engade máis liñas móbiles desde 6,90€



INTERNET MÓBIL FIXO TV

INFOPAR, Distribuidor Autorizado ITS
C/ Calvario, 52-54 Baixo, 27800 Vilalba (Lugo). Tel: 982 887 421
info@infopar.es / www.its.gal

Prezos finais con IVE incluído. Chamadas ilimitadas con uso razoable, máximo 3000 min/mes ou 150 destinos distintos. O servizo de teléfono fixo inclúe 500 minutos de chamadas a fixos e 60 minutos a móbiles. pack TV inclúe 80 canais en aberto, pódense vincular ata 3 dispositivos e dispón de 60 horas de gravacións en 30 días. Alta gratis suxeita a permanencia de 12 meses. Se o cliente solicita a rescisión dos servizos ou se dá de baixa antes dos 12 meses de permanencia, terá unha penalización máxima por incumprimento de 120€ (IVE incluído).

PROGRAMACIÓN CULTURAL CONCELLO DE VILALBA

ABRIL MAIO 2022

 <p>VENRES 1 ABRIL 20:30h. AUDITORIO MUNICIPAL</p> <p>FIXE TRIÓ</p> <p>ENTRADA: 3,00€</p>	 <p>SÁBADO 2 ABRIL 20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL</p> <p>MERCEDES PEÓN</p> <p>ENTRADA: 8,00€</p>	 <p>DOMINGO 3 ABRIL 17:00h. AUDITORIO MUNICIPAL</p> <p>OS TRES PORQUINOS</p> <p>ENTRADA: 3,00€</p>	 <p>VENRES 8 ABRIL 18:00h. AUDITORIO MUNICIPAL</p> <p>THE MAGICIANS</p> <p>ENTRADA: 3,00€</p>	 <p>SÁBADO 9 ABRIL 12:00h. CASA DA CULTURA</p> <p>XVII PREMIO DO CERTAME LITERARIO DO CONCELLO DE VILALBA RETORNO SEN VOLTA DE XESUS LASTRA</p> <p>ENTRADA DE BALDE</p>
 <p>DOMINGO 10 ABRIL 19:00h. AUDITORIO MUNICIPAL</p> <p>ABA TAANO</p> <p>ENTRADA: 10,00€</p>	 <p>XOVES 14 ABRIL 20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL</p> <p>GALA LIRICA CON BORJA QUEZA E DANIEL MENOZ</p> <p>ORQUESTRA GAOS</p> <p>ENTRADA: 3,00€</p>	 <p>SÁBADO 16 ABRIL 20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL</p> <p>CINE PREMIOS MESTRE MATEO 2022 LONGAMETRAJE FINALISTA</p> <p>ENTRADA DE BALDE</p>	 <p>DOMINGO 17 ABRIL 18:00h. AUDITORIO MUNICIPAL</p> <p>TRAS OS VIEIROS</p> <p>ENTRADA DE BALDE</p>	 <p>VENRES 29 ABRIL 20:30h. AUDITORIO MUNICIPAL</p> <p>DREAMING JULIET</p> <p>ENTRADA DE BALDE</p>
 <p>VENRES 6 MAIO 19:00h. AUDITORIO MUNICIPAL</p> <p>HIPNAUTAS</p> <p>ENTRADA: 3,00€</p>	 <p>VENRES 13 MAIO 20:30h. AUDITORIO MUNICIPAL</p> <p>ZARZUELA</p> <p>ENTRADA: 3,00€</p>	 <p>SÁBADO 14 MAIO 20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL</p> <p>DEMENTE FRAN SIEIRA</p> <p>ENTRADA: 5,00€</p>	 <p>DOMINGO 15 MAIO 20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL</p> <p>CINE PREMIOS MESTRE MATEO 2022 LONGAMETRAJE FINALISTA</p> <p>ENTRADA DE BALDE</p>	 <p>EXPOSICIONS ATA O 31 MARZO AUDITORIO "BOSALINAS" VIKI BIVARELLA 1-30 ABRIL CASA DA CULTURA "LITTO" DO GRUPO BAIAS 25 ABRIL-29 MAIO AUDITORIO "A MEMORIA DO SON"</p>

ENTRADAS: entradasvilalba.es ou Casa da Cultura

Concello de Vilalba

DÍA DO LIBRO

IV CERTAME DE MICRORRELATOS

ENVÍO DE TRABALLOS A comunicacion@vilalba.es

REMATE PRAZO DE ENVÍO:

22 ABRIL 2022

máis información:
www.vilalba.gal
www.culturalligas.com
 e nas salas respectivas RRSS



Concello de Vilalba

XLVIII PREMIO DE POESÍA

DO CERTAME LITERARIO DO CONCELLO DE VILALBA 2022

PRAZO:
 ATA O 3 DE XUÑO DE 2022
 PREMIO:
 7.000€
 BASES:
WWW.VILALBA.GAL
WWW.CERTAMEDEVILALBA.ORG



Concello de Vilalba

EN BREVE

FORMA-T. O Grupo Forma-t de Vilalba inicia unha formación para a obtención do certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais. O curso será en horario de mañá, de 9.00 a 14.00 horas e mantén aberto o prazo de inscrición.

ESPAZO XOVE. O venres 8 de abril terá lugar a segunda edición da Feira da Primavera no Espazo Xove, que contará cunha chea de actividades gratuítas abertas a todo o público. Haberá obradoiro fraffiti, de animación musical, fútbolín e billar e torneo de xadrez. Finalizarán a xornada cun obradoiro culinario co título *Cociña en 10 minutos*, impartido polo cociñeiro do Parador de Vilalba.

BIBLIOTECA. O Concello de Vilalba presenta a programación para o próximo mes de abril da Biblioteca Municipal, cunha proposta de actividades para as diferentes franxas de idade. A primeira actividade será o próximo mércores 6 de abril, dirixida á infancia entre 0 e 3 anos baixo o título *Os meus primeiros contos*. A iniciativa proporá un contacontos con rimas, historias, cancións e sorpresas con luz coas que os nenos e nenas visitarán o mar e coñecerán a súa fauna. A actividade contará con tres sesións a diferentes horas: 16:00, 17:00 e 18:00.

LIMPEZA. O sábado 16 de abril a plataforma Coidemos Lugo realizará unha nova actuación de 17.00 horas a 19.00 horas na parroquia vilalbesa de Nete. O encontro realízase en colaboración coa Asociación de Veciños de San Cosme de Nete e consistirá en realizar unha acción de limpeza e concienciación ambiental. As prazas son limitadas e é necesaria a realización de inscrición. Esta farase a través do teléfono 626 505 523.

GOIRIZ. O 2 de abril, a Escola de Goiriz acollerá desde as 10:00 o primeiro encontro organizado pola Federación Rural Galega en colaboración con entidades asociativas e profesionais do sector para abordar as potencialidades do cultivo de cereais, nomeadamente o trigo, e especialmente, as variedades tradicionais.

Cambio de cara para a rúa da Pravia

O Concello presenta o proxecto de humanización, que pretende unha renovación tipo bulevar

O Concello de Vilalba presentou o proxecto de renovación integral e humanización da rúa da Pravia, impulsando a recuperación para a veciñanza dun dos principais espazos públicos da vila.

“É unha actuación ilusionante e moi beneficiosa para todos, un proxecto que forma parte dun plan para o conxunto do casco urbano de Vilalba no que é prioritario o obxectivo da humanización”, explicou a alcaldesa.

Veleiro lembrou que “esta renovación integral tivo que adiantarse polo derrubamento dun dos edificios da rúa, polo que primeiro tivemos que preocuparnos pola seguridade das persoas e os bens materiais, que por suposto quedará garantida con este proxecto”.

O concelleiro de Infraestruturas explicou pola súa parte que coa actuación “gañárase espazo para o tránsito peonil e para o desfrute da veciñanza, conformando na rúa



da Pravia unha plataforma única, ampliando beirarrúas a dimensións acordes co carácter desta rúa, e introducindo zonas verdes”.

A configuración abandonará a actual plataforma segregada para crear un bulevar de plataforma continua que garanta a máxima accesibilidade, facilite os tránsitos peonís e recupere a noción de espazo de encontro, paseo e actividade que tivo nos seus orixes, conformada como unha ala-

meda lonxitudinal.

Haberá un carril central para o paso de vehículos rodados de 3 metros. Nas marxes deste espazo rodado aparecerán bandas de 2,2 metros de pavimentos permeables, que alternarán os aparcadoiros coas zonas verdes.

“En canto ó nivel de acabados, o obxectivo é o de xeralizar o emprego de materiais cun alto nivel de acabado, acorde co ámbito de

centralidade e carácter histórico no que se vai intervir”, manifestou Fernández.

No tocante ás infraestruturas de servizos, instálase unha nova rede de abastecemento que solucione os graves problemas existentes, de igual xeito que se fará co saneamento separativo.

Así mesmo, prevense seccións soterradas para a redes aéreas de telecomunicacións e electricidade existentes na rúa, ademais de garantir o acceso ás telecomunicacións e o gas a todos os predios da rúa. A todo elo hai que sumar que a iluminación prevista incorporará tecnoloxía LED de baixo consumo.

A concelleira Marta Rouco puxo en valor a importancia da accesibilidade no proxecto, “adaptando este espazo público para garantir o pleno e libre desenvolvemento das persoas, e de forma especial aquelas que razóns diversas presentan algún tipo de limitación”.

Eduardo Vidal volve liderar a executiva local do PSOE vilalbés

A Agrupación local do PSdeG-PSOE de Vilalba vén de aprobar en asemblea a configuración da nova Executiva Local, elixindo como secretario xeral a Eduardo Vidal e ratificando unha candidatura que presidirá a alcaldesa, Elba Veleiro. Forman parte desta lista de integración e consenso concelleiros e concelleiras do Goberno municipal, recuperando tamén algunhas persoas con experiencia política e sumando a outras con inxerencias e compromiso para aportar nas decisións futuras do partido.

A executiva combina experiencia e xuventude, traxectoria profesional e política con novas ideas e visións. Un equipo de traballo interxeracional e que representa á sociedade vilalbesa con distintos perfís e realidades.

A nova dirección do partido afirma



que a unidade, o consenso, o diálogo e a participación política guiarán o proxecto de futuro sobre o que se leva traballando moitos anos desde a agrupación socialista, con compromiso, responsabilidade e constancia. Os momentos complexos requiren de equipos comprometidos coa súa realidade social e dispostos a aportar e buscar solucións para quen máis o precisa.

Vilalba Aberta pide o arranxo de viais de Vilapedre e Belesar

Logo dunha visita a Vilapedre, a formación municipalista vén de anunciar o rexistro dunha nova iniciativa demandando o arranxo de varios viais de titularidade municipal na parroquia.

Denuncian o “deplorable estado” de pista fundamentais para a veciñanza como a que une os barrios do Porto de Bois, A Fraga e o Pazo ou a que comunica a Carballeira e Rebordelo e urxen ao Concello a actuar, tamén, sobre a que enlaza Sarela co Castro, así como sobre o vial que vai do barrio da Bouza ao de Vigo.

Así, e ao tempo que contextualizou a iniciativa como “a enésima chamada de atención ao goberno en relación co estado da rede viaria municipal”, volveu apuntar á responsabilidade da Alcaldesa, así como á do edil de infraestruturas Luís Fernández Álvarez, en base ás “decenas de recla-

macións e solicitudes veciñais sen contestar”.

BELESAR. Anunciou tamén o rexistro dunha iniciativa en relación coa pista que lle dá acceso a un negocio de produción ecolóxica de arandos na parroquia.

Denuncian que o tramo, actualmente a terra e de arredor dun quilómetro e medio de lonxitude, provoca que, en ocasións, os transportistas se negue a recoller os envíos do produto, derivando isto en perdas por valor de 45.000€ ao perderse a produción.

Dende hai máis de 10 anos, a veciña responsable vén reclamando dos sucesivos gobernos municipais que se atenda esta solicitude; mais, tal e como lamentou o voceiro da formación, Modesto Renda, “ninguén a está a escoitar.”

Abre o prazo de solicitude para a escola da Barosa

Abriu nas Pontes o prazo de solicitude de matrícula para o curso 2022-2023 na Escola Infantil Municipal A Barosa.

As solicitudes, xunto coa documentación xustificativa, poderán presentarse, ata o 20 de abril, no Rexistro Municipal, con cita previa, chamando ao 667 129 380 ou ao 667 129 389, de luns a venres, de 09:00 a 14:00 horas ou a través da sede electrónica municipal.

Para aquelas familias que non dispoñan dos medios telemáticos necesarios os impresos de solicitude a estarán á súa disposición nas instalacións da Escola Infantil Municipal A Barosa. As prazas de novo ingreso asignaranse tendo en conta unha orde de preferencia na que priman solicitantes con irmán/á cunha praza renovada no centro.

Crean un rexistro de familias de acollida para o pobo ucraíno

Púxose en marcha un rexistro municipal de familias de acollida para persoas refuxiadas para canalizar, deste xeito, as ofertas de acollida e solidariedade. As persoas interesadas en formar parte deste rexistro poderán facelo a través da sede electrónica municipal ou do Rexistro Xeral cubrindo unha instancia na que indiquen o nome e apelidos da persoa solicitante, número de persoas que integran a unidade familiar, DNI, correo electrónico e teléfono, dirección da vivenda, metros cadrados, número de persoas que se poden acoller e tempo.

Adxudican as obras das rúas Pardo Bazán e Cabanas

O Concello vén de axudicar as obras de mellora de servizos e pavimentos na rúa Pardo Bazán, un proxecto cun investimento de 356.124 euros, procedentes da Deputación da Coruña, á empresa Construcciones Fego Atlántico S.L.

As obras teñen como obxectivo prioritario mellorar a accesibilidade da zona, cumprindo coa normativa vixente, ampliando o ancho das beirarrúas e eliminando os bordos, os desniveis e as ramplas para deixar a rúa á cota do viario, optando pola mesma solución estrutural e estética desenvolvida noutras zonas do casco urbano.

Entre os traballos, que se iniciarán proximamente, inclúese a renovación dos firmes e pavimentos, tanto para o tráfico rodado como peonil que serán substituídos por baldosas de formigón e por aglomerado bituminoso e creárase unha zona de aparcadoiro en batería, manténdose o aparcadoiro que actualmente da servizo ás instalacións deportivas da zona. Tamén se executará un novo sistema de saneamento e mellorárase o alumeadado existente, substituíndoo por un novo de maior eficiencia enerxética, coa instalación de novos báculos e luminaria led.

Por último, co obxectivo de mellorar a calidade de vida da veciñanza, creárase un espazo de lecer que incluírá un parque infantil, un parque biosaludable e un espazo de reunión. Os traballos rematarán coa plantación de especies arbóreas e a instalación de mobiliario urbano (bancos, xardineiras e papeleiras) e a sinalización horizontal e vertical do viario.



A rúa Cabanas no seu estado actual

CABANAS. Tamen se renovarán os servizos públicos e os pavimentos na rúa Cabanas, un proxecto financiado a través do POS 2022 da Deputación da Coruña, cun orzamento de 195.452 euros.

Esta actuación permitirá a execución dunha nova rede de recollida de augas pluviais separativa, nas dúas marxes da rúa. Unha rede que irá dotada dos correspondentes sumidoiros, con arquetas de recollida de acometidas das vivendas, ten como obxectivo prioritario o control do aporte de augas limpas ó sistema de depuración municipal.

A actuación tamén contempla a execución de nova canalización para a iluminación pública ao longo de toda a beirarrúa dereita e a substitución da canalización de alimentación dende o cadro xeral a toda a zona para iluminación e comunicación. Así mesmo procederase á renovación das beirarrúas, seguindo o mesmo deseño empregado noutras rúas, homoxeneizando a estética do centro urbano, apostando pola eliminación das barreiras arquitectónicas nun proxecto de pobo máis

funcional, no que toda a veciñanza poida moverse sen dificultades. O pavimento do viario, previa limpeza e rego de imprimación, reforzase mediante unha capa nova de rodadura de mestura en quente.

As obras completaranse coa instalación de mobiliario urbano; bancos, papeleiras e xardineiras, realizadas en madeira de elondo, vernizado especial e accesorios de aceiro inoxidable. Os traballos rematarán coa reposición da sinalización viaria.

AG-64. O goberno autonómico executará as obras de reparación e reforzo do firme da autovía AG-64 que une Ferrol e Vilalba, concretamente no treito que transcorre polo concello naronés, así como San Sadurniño, As Somozas e As Pontes. A Plataforma de Contratos Públicos de Galicia recolle o anuncio de licitación destas obras por un importe de case 1,5 millóns de euros. As empresas interesadas teñen ata o día 18 de abril para presentar as súas ofertas e o prazo de execución é de 6 meses.

Aprobado un plan anti fraudes para a xestión de fondos europeos

O Pleno aprobou, cos votos a favor do PSOE e o PP, e a abstención do BNG, o seu Plan de Medidas Anti-Fraude para a xestión dos Fondos Europeos.

Trátase dun documento no que se definen as accións que a administración local adoptará para evitar a fraude nos recursos financeiros provenientes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea.

No mes de decembro de 2021, o Concello das Pontes recibiu unha subvención de 100.000 euros da Secretaría de Estado de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana para elaborar un dos 121 proxectos piloto de plan de acción local de Axenda Urbana, con cargo a fondos da Unión Europea.

O plan aborda os riscos de fraude de forma específica, @teniendo en cuenta os catro elementos fundamentais no ciclo contra a fraude, que son a prevención, a detección, a corrección e a persecución. Ademais define as medidas correctoras pertinentes cando se detecta un caso sospeitoso, con mecanismos claros de comunicación e procesos de seguimento, prevención e corrección. Asegura que todas as partes interesadas comprendan perfectamente as súas responsabilidades e obrigacións, e que se transmita a mensaxe a todos os beneficiarios potenciais de que se adoptou unha formulación coordinada para combater a fraude.

O plan ten unha duración indefinida, revisarase de forma periódica, para adecualo a calquera incidencia que se poida producir, avaliando, de forma constante, o risco de fraude.

Pepe Jeans
LONDON
89€
lentes incluídas



marca exclusiva
OPTICALJA
CALLAO

LUGO | FERROL | AS PONTES | NARON | ORTIGUEIRA
Avda. de Galicia, 49 - As Pontes (A CORUÑA) · Tel. 981 452 270
www.opticaliacallao.com

Promoción válida del 11 de Marzo al 11 de Abril de 2022. Las gafas promocionadas levantar siempre antes de finalizar el día de compra. Graduaciones comprendidas en los rangos de stock de los proveedores de la línea Opticalja de Callao. Los rangos son: Ocular: +/- 4,00 dioptrías. Cilíndrico: +/- 2,00 dioptrías. La selección de monturas serán de la marca Pepe Jeans modelos seleccionados para esta promoción. Los productos suscritos objeto de esta promoción son conforme a las regulaciones legales UE 2017/745 y 801/1990/2006



DESDE 1888
QUESERÍAS DEL EUME

A FAEIRA, S/N 15325
AS PONTES (A CORUÑA)
www.queseriasdeleume.com



Presentación dos resultados do estudo

Presentan os resultados do estudo sobre cogumelos silvestres

Aproveitando a celebración da Feira do grelo deste ano, o Concello das Pontes fixo a presentación pública dos principais resultados do Estudo participativo para a identificación e análise das necesidades e potencialidades dos fungos e cogomelos silvestres no territorio de influencia. Para esta investigación sociolóxica contou coa participación de 50 axentes vencellados aos fungos e cogomelos, destacando a colaboración de todas as asociacións micolóxicas de Galicia así como a federación de micoloxía que as aglutina, e a histórica agrupación Poupariña, promotora das primeiras edicións da feira de Fungos e Cogomelos, que no ano 2021 celebrou 31 anos. No eido forestal colaboraron 9 comunidades de montes con coutos micolóxicos, entre eles o do Monte do Forgoselo, cociñeiros de recoñecido prestixio na micogastronomía, equipos académicos e científicos como o Laboratorio de Micoloxía da Universidade de Vigo, así como outros axentes da transformación alimentaria, da recolección e do micoturismo.

O estudo apunta que os aproveitamentos do recurso micolóxico é un aspecto positivo, que implica beneficios culturais e socioeconómicos

sobre o territorio, pero tamén comporta unha serie de aspectos negativos. Destaca especialmente aqueles vencellados coa colleita non regulada (furtivismo) e a economía somerxida, o que non reporta ningún beneficio fiscal, e deficiencias no control sanitario sobre os cogomelos con fins de alimentación humana.

A isto hai que sumarlle un amplo descoñecemento xeneralizado socialmente sobre a normativa vixente, tanto no xeito de apañar cogomelos como no comportamento social maioritario de acceso libre a montes que son propiedade privada, prexudicando os recursos de quen os coida e os produce. Apúntase a necesidade da posta en marcha de estratexias dirixidas ao mantemento do recurso micolóxico no tempo, a súa sustentabilidade, pois en certas zonas estase vendo sometido á sobreexplotación e un trato non axeitado para a súa conservación.

A totalidade dos axentes sinalan que a sociedade galega atópase na transición dende a micofobia cara a micofilia, evolución constante na interese dos cogomelos dende a década dos 70, década de creación das primeiras asociacións micolóxicas por parte da poboación galega.

Buscan as zonas sen cobertura de banda ancha nas Pontes

A raíz da consulta pública aberta pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais, sobre a identificación das zonas sen cobertura a máis de 30 Mbps, a máis de 100 Mbps e a máis de 300 Mbps para o ano 2022, o Concello pide a colaboración da veciñanza para identificar as zonas sen cobertura de banda ancha no municipio.

Existe xa un mapa no que están identificadas 660 zonas con dificultades de conectividade, zonas nas que non hai ningunha red capaz de proporcionar conexión (zonas grises) e zonas onde só unha rede é capaz de proporcionar conexión a moi baixas velocidades (zonas brancas- en cor violeta no mapa). “Desde o Concello pedimos a colaboración da veciñanza para completar esta identificación de zonas e obter un mapa definitivo, facilitan-



A concelleira Lorena Tenreiro, ante o mapa de coberturas

do á Secretaría de Estado información sobre zonas nas que sería posible realizar proxectos de extensión da cobertura de redes de banda ancha ultrarrápida para conectar fogares e motores socioeconómicos”, apuna Lorena Tenreiro, responsable de Medios Locais.

Todos aqueles veciños e veciñas que residen nun lugar no que non

exista cobertura, que non figure no mapa de conectividade ou que detecten erros no mesmo poden enviar as súas suxestións ao Concello das Pontes, a través do correo comunicacion@aspontes.org, indicando os seus datos persoais e o enderezo do lugar sen cobertura, os erros detectados así como os datos de xeolocalización.

Guía de igualdade cos bolechas

O Concello, ao amparo das actividades organizadas pola concellería de Igualdade con motivo do Día Internacional da Muller editou unha guía sobre igualdade, protagonizada polos Bolechas.

As persoaxes infantís, creadas polo debuxante e guionista Pepe Carreiro, participan, xunto aos nenos e nenas das Pontes, nun concurso de debuxos sobre igualdade e mentres mostran algúns recunchos do municipio van desmontando diferentes estereotipos sexistas.

Os Bolechas mostran que non hai roupa para nenas ou nenos, que non hai xoguetes para nenos ou nenas,

que as profesións son tanto para homes como para mulleres, e que homes e mulleres deben cooperar nas tarefas do fogar.

Tania Pardo, concelleira de Igualdade, sinala que “esta guía, titulada “As Pontes pola Igualdade” pretende converterse nun recurso didáctico, atractivo e divertido, co que queremos educar en igualdade aos ponteses e pontesas máis novas, ao mesmo tempo que mostramos algúns dos espazos de convivencia do noso municipio, nos que debemos erradicar a desigualdade”.

O Concello editou 1.000 exemplares deste libro-guía, que se distribuíron

nos tres colexios públicos do municipio, na Escola Infantil Municipal A Barosa así como na Biblioteca Municipal.

Tania Pardo tamén apuntou que “con esta nova iniciativa o Concello continua traballando, en favor da educación en igualdade, facéndoo dun xeito transversal e constante, co obxectivo de sensibilizar, fomentar a igualdade e a coeducación entre o alumando dos centros educativos do noso municipio por que é unha ferramenta fundamental para avanzar cara unha sociedade xusta, igualitaria e libre de violencia machista”.



constru fer

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO
PABLO RABADE PAREDES

Saneamientos, construcción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 · VILALBA (LUGO) · Telf: 982 511 200



Dous millóns de euros do POS 2022

O Pleno aprobou as obras do Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña, que permitirá a execución de 15 proxectos

O Concello das Pontes aprobou os proxectos financiados pola Deputación da Coruña a través do Plan de Obras e Servizos (POS 2022) que suporán un investimento de 2.003.168 euros.

A achega da Deputación da Coruña inclúe tres partidas, unha de 416.456,44 euros correspondente á achega provincial do ano 2022, outra correspondente á achega do 2021 cunha contía de 470.313,69 euros e unha última partida de 1.116.389 euros correspondente ao POS Complementario 2022, que permitirán executar 15 proxectos que seguen a folia de ruta marcada polo goberno municipal para mellorar a calidade de vida da veciñanza e renovar e ampliar os servizos públicos do municipio.

A través da achega provincial 2022 para o financiamento e subministracións vanse levar a cabo tres actuacións entre as que se atopan a reposición de servizos e pavimentos na Avenida da Habana (do número 76 ao número 99) cun orzamento de 147.774,48 euros, tamén se executará a reposición de servizos e pavimentos na rúa Cabanas, proxecto valorado en 195.452,11 euros e levarase a cabo a pavimentación de viais na parroquia de San Xoán do Freixo (pista do Bidueiro e Camiño de Vilarmaior), cun orzamento de 73.229,85 euros.

Por outra banda, da asignación da achega do ano 2021 destináronse 191.270 euros á mellora da pavimentación e servizos na rúa

Anduriñas e traslado da marquesina existente á rúa Camelias, adicáronse 214.886,57 euros á mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Ortigueira (Fase II). Así mesmo investíronse 38.028 euros na mellora do pavimento nos camiños de Alvarón, Marraxón e Casas Hermas.

POS COMPLEMENTARIO

O pleno municipal tamén aprobou o POS Complementario, que suporá un investimento de 1.116.389 euros que se destinarán a nove actuacións entre as que se atopan a mellora de servizos e seguridade viaria na marxe dereita da AC 564, ao seu paso por Goente, cun orzamento de 150.658 euros así como

a creación dunha pista multideporte no Poboado da Magdalena e a mellora da contorna, proxecto valorado en 181.427 euros. Destinarase así mesmo unha partida de 116.330 euros á renovación da pavimentación e mobiliario urbano na Avenida das Campeiras (Fase I) Unha partida de 116.145 euros destinarase ao proxecto básico e de execución de renovación de pavimento e melloras de servizos na Rúa Real (1ª fase) e outra de 155.670 euros irá encamiñada á mellora da beirarrúa e dos servizos na marxe dereita da rúa Rego do Muíño mentres que 103.134 euros irán destinados ao proxecto básico e de execución de mellora de servizos e pavimentos na Rúa A Balsa (fase 1ª). Investíronse

34.389 euros na reparación e mellora do firme en Gondré e o Castro e procederase á reparación e mellora de firme nas Gañidoiras, O Vilar e Os Cadavás-Paipaz, traballos orzamentados en 134.944 euros. Ademais adicáronse 123.689 euros ao asfaltado dos viarios en Cancelas, Poupariña, Esvedral, Penapurreira e Ramallal-A Louseira.

POS + ADICIONAL

O pleno tamén aprobou por unanimidade, o POS ADICIONAL 2022 para gastos extraordinarios do exercicio 2022, por valor de 145.759 euros, dos cales 127.000 euros serán destinados a gasto corrente da área de servizos sociais.

- **AV. DA HABANA (76-99)**
Mellora dos servizos de iluminación e a rede de pluviais, así como a mellora dos pavimentos das beirarrúas e calzada, configurando un vial a nivel coa beirarrúa dotando de total accesibilidade a todo o tramo a executar. Indúe a dotación de mobiliario urbano e a sinalización horizontal. 147.774,48€.

- **RÚA CABANAS**
Esta actuación consta, por un lado da mellora dos servizos actuais de canalización de alumeado e saneamento (pluviais), e por outro da mellora dos pavimentos das beirarrúas e da calzada. Proxéctase a execución dunha nova rede de recollida de pluviais separativa, por ambas as dúas marxes, como vertedoiro da actual rede unitaria. Inclúese a execución de nova canalización para a

iluminación pública. Como consecuencia das instalacións, executarase novas beirarrúas, deseñando os sobreaños de inicio e final tipo raqueta, para a protección dos aparcadoiros e seguridade dos pasos de peón e pavimento con baldosas de formigón granallado. Contémplase a dotación de bancos, papeleiras e xardineiras. 195.452,10€

- **SAN XOAN DO FREIXO**
(Pista do Bidueiro e Camiño de Vilarmaior)
As intervencións realizaranse en viais municipais da parroquia do Freixo, no lugar de Vilarmaior e O Bidueiro. O Camiño de Vilarmaior é o acceso principal aos núcleos rurais da Rega, O Vilar, O Serrón e Vilarmaior. As obras previstas teñen por finalidade a limpeza das cunetas

en ámbalas dúas marxes do vial e o reperfilado das mesmas, así como o estendido dunha capa de saburra para evitar o chanzo producido polo recrecido do firme. Así mesmo contémplase o recrecemento do firme existente con aglomerado asfáltico de 5 cm de espesor e o pintado das marxes para mellorar a sinalización horizontal. 73.229,85€

- **RÚAS ANDURIÑAS E CAMELIAS**
O proxecto consiste na renovación da calzada e beirarrúas, dotándoas de accesibilidade, situándoas á mesma cota, definindo un só sentido de circulación con espazo para aparcadoiro na marxe dereita en sentido da marcha. As zonas de circulación diferéncianse mediante o emprego de distintos pavimentos. A rede

unitaria de saneamento mixta residuais-pluviais existente renovarase construíndo unha rede separativa con colectores de PVC. Igualmente se procede a substitución e renovación da canalización do alumeado municipal. Equiparase o ámbito con mobiliario urbano mediante a colocación de bancos, papeleiras e xardineiras. 191.270,00€

- **AVDA. ORTIGUEIRA. FASE II**
As obras incluídas neste proxecto consisten na mellora da accesibilidade mediante unha nova pavimentación a nivel entre beirarrúa e a calzada, as melloras do alumeado e rede de saneamento mediante a execución dunha rede separativa. Procederáse á instalación de novo mobiliario urbano (papeleiras, xardineiras e bancos). Igualmente se procederá

á sinalización en toda a rúa. 214.886,57€

- **ALVARÓN, MARRAXÓN E CASAS HERMAS**
As obras obxecto deste proxecto consisten na renovación da capa de rodadura de tres camiños da zona rural, Alvarón, Casas Hermas e o camiño de acceso a López en Marraxón. Realizarase á limpeza xeral de cunetas e noiros en todo o seu percorrido, roza de maleza e vexetación existente en bordos e o rebaixe das actuais beiravías. A nova capa de rodadura conséguese, reforzando primeiro o pavimento actual, co rebacheo, limpeza e varrido da superficie, para seguidamente proceder a un rego de imprimación con emulsión asfáltica. Complétase a obra coa sinalización horizontal. 64.157,12€

“O traballo do apicultor, ter unha boa raza e adicarlle tempo é fundamental”

Manuel Ferreira é presidente da Asociación Casa do Mel de Goente

A Casa do Mel de Goente anunciou a súa intención de creación dunha cooperativa apícola co obxectivo de separar a comercialización e seguir profesionalizando o sector. Manuel Ferreira explica os seus inicios.

Como xurde a idea de facer a cooperativa?

Nun principio a asociación, para autofinanciarse e para saír do excedente do mel que tiñan os socios empezou a comercializar o mel baixo a marca Casa do Mel. Ao principio estaba ben, mentres había poucos ingresos, axudaba a manter uns postos de traballo, saíamos do excedente, promocionábase o mel da comarca. Pero isto foi aumentando, hoxe en día somos 380 socios e parte deles, uns 15 ou 20, son apicultores a título profesional, xente con 200 ou máis colmeas. Xurde aí a necesidade de expandirse porque dímonos conta de que si vén un ano con moito mel non damos comercializado todo a nivel local. Por outra banda, a actividade económica prexudica á asociación porque esta é sen ánimo de lucro, hai que pagar uns impostos que se fora a figura dunha cooperativa non se faría. A miña proposta foi facer unha separación da actividade. Que quede a asociación por un lado e montar polo unha cooperativa para os profesionais. Houbo varias reunións sobre isto e tivo unha aceptación estupenda, reunimos 60 persoas que se mostraron con ganas de participar.

En que paso están agora?

Pediuse a colaboración de Agaca para elaborar os estatutos e facer un plan de viabilidade e neso estamos agora, na elaboración dos estatutos e no máis difícil, a financiación. Estamos esperando polas axudas de

transición ecolóxica. Se saen a ver si podemos botar man delas, para non ter que poñer tanto capital porque hoxe facerse cun local, porque o que temos actualmente non é suficiente para a envergadura do que se quere montar, é costoso. Tamén solicitaríamos axudas a través de Leader. Tan pronto como sepamos a financiación que temos estleceranse as cotas para entrar e ver finalmente os que somos.

Canta xente pasaría a formar parte da nova cooperativa?

Nesas reunións, nun principio, entre 60 e 70 persoas dixeron que si, pero contamos tamén con xente que pode tomar isto como semiprofesional ou pode entrar máis xente afeccionada, esperamos que así sexa. Partimos da base de que moitas persoas están empezando coa apicultura, fixeron unha inversión e moita cota non vai poñer e por iso buscamos alternativas que facilitar a integración do maior número posible de apicultores. A verdade é que o sector agroalimentario debería mirar para botar unha man a este sector pero ao final trátanos como unha empresa máis.

Esta cooperativa servirá un pouco para formalizar a produción para aqueles que o están facendo máis como unha afección, non?

Sabemos que algúns darán o paso adiante e outros non pero hoxe en día, os socios da Casa do Mel, o que non está en produción primaria entrega a produción na Casa do Mel. Nós comercializamos a mel de todo os socios e todos eles teñen a situación en condicións.

O obxectivo da nova cooperativa e xestionar este crecemento?

Para xestionar o crecemento e porque nos dimos conta de que a cur-

to prazo vai haber un problema. Aumenta moito a produción, as colmeas que teñen os socios son moitas e como veñan un par de anos cunha produción importante non se vai dar comercializado a nivel local. A cooperativa sae precisamente para adiantarnos a esta situación, ademais se temos unha cooperativa, se xuntamos varios bidóns de mel entre todos podemos incluso negociar un prezo de venda máis competitivo e facer os envíos en conxunto para abaratar gastos. Tamén a cooperativa quere dar un valor engadido. Hai moitas cousas que non podemos facer por falta de espazo, como a mel con pole, con propolo, comercializar o material apícola, ou ter un local grande, poder traer material para os socios a un prezo máis barato, incluso botar man da alimentación en certas épocas do ano ou mesmo facer o noso propio alimento. Hai varios proxectos que se van incluír aí e que van pechar o ciclo como o reciclado da cera, que xa se está a facer en menor medida, pero queremos levalo a ter unha marca e un control de calidade da cera dos socios. Agora estamos a laminar e reciclar cera pero daquel que ten e lle sobra, pero podemos facer algo conxunto, facer láminas de cera propias e evitar comprar as industriais. Hai un montón de cousas que se poden facer e que están pendentes porque eso ten que facelo a cooperativa. Vai ser un complemento á casa do mel, porque esta dedicárase aos trámites de subvención, formación e eses temas e a comercialización estará ao cargo da cooperativa.

Cal é o seguinte paso?

Buscamos unha parcela para facer unha nave e tocaremos todas as por-



Manuel Ferreira, na última cata do mel de Muras

tas para tramitar as axudas e arrancar coa mínima hipoteca. É unha pena que a xente non se volque con estes proxectos, porque ao final xeran moitos postos de traballos, directos e indirectos, non é só os beneficios que produce o mel, senón todo o que é o conxunto da floración, a polonización e todas esas cousas.

Teñen unha estimación do tempo no que podería estar listo todo?

Nun ano esperamos poder empezar. Estamos pendentes das subvencións, algunhas hai que esperar por elas que son unha vez ao ano, o Leader vai empezar. Antes dun ano non vai ser, pero hai que ir organizándose. Hoxe pode constituírse a cooperativa pero queremos facelo xa en condicións, arrancar dando uns servizos e non empece mal.

Ata donde queredes expandir a comercialización?

A nivel local todo o que se poida, e despois cara a Europa. Nos países árabes tamén se está vendendo moito, tivemos algún ofrecemento para levala a Estados Unidos pero pedían unha cantidade que non tiñamos. Temos varios sitios onde podemos vender a un prezo mellor do que temos aquí. Outra cousa que queremos é sacar as distintas marcas, como exemplo a marca do Eume e outras zonas e promocionálas de cara ao turismo. Temos a marca Casa do Mel que xa é coñecida e como esta podemos promocionar máis e darlle valor así ao mel de distintas

zonas. Cada zona é distinta dependendo da floración e o mel ten características especiais.

A Casa do Mel conta só con apicultores das Pontes?

A Casa do Mel ten convenio con San Sadurniño, co que temos un colmeas didáctico, co das Pontes e co Concello de Muras onde imos abrir este ano outro colmeas didáctico. Socios hainos de todas as provincias. Maioritariamente son socios da Coruña e tamén de Lugo pero tamén temos de Pontevedra, bastantes, e 1 ou 2 de Ourense.

En que consisten estes colmeares didácticos?

Son colmeares onde se fan cursos para fomar xente da zona. Os concellos aportan unha cantidade de cartos para manter eso aí, mediante un convenio que firmaron coa Casa do Mel. O de San Sadurniño xa hai cinco ou seis anos que se fai e o de Muras vaise facer este ano. Está pendiente da firma. Están dirixidos á formación pero tamén á experimentación. Estamos facendo un programa de selección de abella local, coas liñas moi avanzadas e queremos este ano empezar coa inseminación artificial. O que pretende a asociación é ter un banco de raíñas de boa calidade e de zánganos e todos os socios poderán coller a un prezo asequible raíñas de boa calidade e ter unhas liñas puras. O traballo do apicultor é fundamental, ter unha boa raza e adicarlle tempo e estamos facendo esa selección. Contamos cun convenio con Endesa para facer estas probas que é na zona de restauración nas Pontes. Un lugar que conta cunha ruta de apiculturismo, unha aula da natureza. Esperamos recuperalo e sacalo para adiante.

Cal é o maior valor da cooperativa?

Temos unha asociación con xente moi nova, menor de 40 anos, hoxe temos unha asociación con moito relevo xeneracional, que está moi implicada porque o seu medio de vida é a apicultura, tamén temos outros que o fan como complemento, outros casos de xente que deixou as vacas polas colmeas e cada vez hai máis casos. Por eso, a un par de anos vista, o sistema de comercialización ten os días contados por eso esta necesidade de facer a cooperativa é tan importante.

Charanga Lugo

de 0 a 12 anos

C/11 DE LA CORUÑA 39, LUGO
648.739.973
982.25.64.84

E.S. POLÍGONO

R/ Maciñeira - Esq. Cerdeira, PC30 - Pol. Sete Pontes, 27800 Vilalba
Tfno.: 982 513 683 / 629 847 744

Remedios González foi reelixida presidenta do PP

O congreso do PP de Rábade escolleu a Remedios González Cabarcos presidenta, comprometéndose con ela a “consolidar o noso Partido con máis afiliados e simpatizantes”.

Para elo, deseñou unha executiva que está formada, dixo, “por un gran equipo de colaboradores implicados e comprometidos con Rábade”. “Con to con grandes compañeiros, leais e con vontade de traballo para acabar a confianza dos veciños. O noso obxectivo é traballar para facer deste concello un pobo de referencia a nivel provincial e desenvolver un proxecto de futuro para reconducir con ilusión a xestión do Concello nas próximas eleccións”, destacou.

A presidenta provincial amosou a súa satisfacción pola renovación orgánica, depositando en todos os integrantes a súa colaboración e apoio para que en 2023 se produza un cambio de goberno en Rábade. “Creo que é posible e, entre todos, temos que ser capaces de ensanchar o Partido e darlle a este concello o prestixio que perdeu cos mandatos independentes”, remarcou.

A xunta directiva fórmana 11 persoas:



Remedios González (presidenta), Ángel Carral Ferreiro (secretario xeral), José Luis Novo Teijeiro (secretario); José Manuel Candal Veiga (vicesecretario de Urbanismo e Vivenda), Pilar Dapena González (vicesecretaria de Sanidade e Asuntos Sociais), María José Parga Regueiro (vicesecretaria de Educación e Cultura), Héctor Iglesias Redondo (vicesecretario de Xuventude e Deportes) e como vogais: Sandra Novo Penas, María Delia Basanta Seijo, Manuel Díaz Freire e Francisco Gómez Vázquez.

Confirmada unha nova edición do Máster Nacional de Fútbolín

Confirmada unha nova edición do Máster Nacional de Fútbolín de Rábade, que neste ano chega a viséximo terceira edición e celebrarase nas datas previstas para o mes de abril, concretamente o 14, 15 e 16, coincidindo, como é tradición, coa festividade da Semana Santa.

No torneo, que reparte uns 10.000 euros en premios, e participarán previsiblemente máis de 300 parellas e as inscricións custarán 25 euros por persoa, e pecharán o día 13 ás 14.00 horas. Como en anteriores edicións, haberá cinco modalidades de xogo e tres niveis e xogarase no pavillón do colexio, e nas cafeterías Papyrus e Os Castro.

O Gran Máster Nacional de Fútbolín repartirá un total de 10.000 euros en premios. Os de movemento e en parado estarán dotados cun premio de 1.200 euros e trofeo. O resto de premios, ata 28, oscilarán entre os 700 e os 25 euros.

Ademais os trofeos serán diferen-

tes xa que se elaboran para cada torneo e terán un deseño exclusivo e orixinal.

Tamén contarán co trofeo Alejandro Finisterre, para o xogador máis regular, o trofeo Concellería de Deportes para o mellor xogador, o trofeo Concello de Rábade para á mellor xogadora e o trofeo David García, para o mellor porteiro.

O mércores 13 de abril darase o pistoletazo de saída coa presentación do evento ás 12.00 horas e o sorteo de equipos ás 15.00 horas. E as competicións inicianse o xoves 14 a partir das 17.30 horas coa modalidade parellas cegas.

O venres 15 será o día adicado ás modalidades en parado e feminina e darán comezo ás 11.00 horas e ás 16.00 respectivamente.

O sábado 16 ás 10.00 horas será a quenda da de movemento e as finais xogaranse a partir das 21.00 horas para poder entregar os trofeos ás 23.00 horas.

EN BREVE

CESTARÍA. A Casa das Insuas convocou un novo obradoiro, nesta ocasión avanzado de cestería de láminas de madeira a cargo do último mestre cesteiro de Mondariz, Enrique Táboas. Este curso terá lugar o sábado 2 e domingo 3 de abril, de 10:30 a 14:30 e de 16 a 20h (cun total de 16 horas) na Casa das Insuas en Rábade. Será necesaria inscrición previa no teléfono 686 701 644 e o prezo do curso será de 150 euro para socios da Asociación Galega de Custodia do Territorio e de 160 para o resto.

OBRAOIRO. Dende o servizo de prevención de condutas adictivas da agrupación de concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organízase un obradoiro dirixido a nais e pais para abordar a temática sobre as adicións comportamentais e máis concretamente sobre os videoxogos, e xogos de apostas. A Actividade terá lugar impartida por Gerardo Rodríguez da asociación Agalure. A sesión terá lugar o xoves 7 de abril entre as 17.00 e as 18.30 horas no centro sociocultural de Rábade. A inscrición pode facerse ata o 1 de abril a través do teléfono 982 390 062 ou no correo prevencionedrogas@rabade.org.

Hijos de
Ramón Rubal

COMPRAMOS
MADERA
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

Éxito na Feira do Queixo de Friol e Pan de Ousá



A celebración da XVIII Feira do Queixo e Pan de Ousá, no concello de Friol, foi un novo éxito, tras dous anos sen celebrarse por mor da covid.

No encontro deste ano participaron centos de persoas que puideron degustar algunha das mostras gratuítas ofertadas por preto de 59 queixerías e cinco panaderías da zona. En total vendéronse arredor de 14.000 queixos e máis de 4.000 panes.

A feira foi inaugurada pola panadeira María José Varela Simón, que estivo xunto ao alcalde friolés no corte da cinta inaugural dunha

feira que xa está camiño de ser Festa de Interese Turístico Galego. O eixo principal da feira volveu situarse como en anos anteriores na praza Andón Cebreiro para a exposición de produtos. Ao redor da carpa situáronse outros postos de venda dos diferentes produtos agroalimentarios do municipio e tamén produtos artesanais e do téxtil.

A programación da xornada completouse con concertos e actividades para todas as idades malia que a compra do queixo e o pan e a súa promoción foi o eixo principal da xornada.

O Concello compra un vehículo para o servizo de medio ambiente

A directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, acompañada do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou o Concello lucense, co que a Xunta colaborou o ano pasado cunha axuda de máis de 30.000 euros para a adquisición dun vehículo para o servizo de medio ambiente e extinción de incendios do concello.

A Xunta apoiou ao concello de Friol na compra dun vehículo todoterreo para o servizo de medio ambiente e extinción de incendios. E tal e como indicou a directora xeral o concello carecía de vehículo co que prestar os servizos e medioambiente e extinción de incendios, xa que a brigada ambiental do Concello de Friol contaba cun único vehículo para as tarefas de xestión da biomasa vexetal, limpeza de camiños, das faixas auxiliares e control de residuos, o cal tivo importantes avarías, deixan-



O novo vehículo do Concello de Friol

do ao municipio sen o único vehículo do que dispoñía este servizo.

No caso do concello de Friol, recibiu nos últimos anos máis de 1M€, para saneamento e mellora de accesos e comunicacións, renovación de servizos e pavimentación de beirarrúas, melloras na rede de luz pública e da eficiencia enerxética de

instalacións de luz pública, así como varios parques infantís e recintos verdes. Tamén para a adquisición dun tractor destinado a labores de roza en zonas forestais, estradas e camiños municipais e de dúas desbrozadoras para labores de desbrozado e limpeza das estradas e camiños municipais.

Organizan un taller sobre o abuso dos videoxogos

Dende o servizo de prevención de condutas adictivas da agrupación de concellos organízase un obradoiro en Friol dirixido a nais e pais para abordar a temática sobre as adiccións comportamentais e máis concretamente sobre os videoxogos, e xogos de apostas. A Actividade terá lugar no Concello de Rábade e será impartido por Gerardo Rodríguez da asociación Agalure.

A sesión terá lugar o mércores 6 de abril entre as 16.45 e as 18.15 horas no centro sociocultural de Friol.



Esta actividade pretende complementar os obradoiros que se levarán a cabo tamén no mes de abril no CPI Doctor López Suárez, para o alumnado de 2º, 3º e 4º de ESO nos que se abordarán as adiccións sen sustancia ou comportamentais, facendo especial fincapé aos xogos de aposta, así como os videoxogos e outras adiccións das novas tecnoloxías.

A inscrición pode facerse ata o 1 de abril a través do teléfono 982 390 062 ou no correo prevencionedrogas@rabade.org.

D.O.P. SAN SIMÓN DA COSTA

26 FEIRA DO QUEIXO DE SAN SIMÓN DA COSTA

2 e 3 de Abril de 2022. Vilalba (Lugo)

www.sansimondacosta.com

Logos of the Spanish Government, the European Union (FEADER), and the Xunta de Galicia.

CARTA MENÚ DO DÍA BANQUETES

CASA MARAGATA
PENSIÓN + RESTAURANTE

TORRE - VILALBA Tel.: 982 511 201

Farase unha ampla renovación museográfica en San Paio de Narla

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo solicitou a colaboración da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia para realizar unha renovación museográfica nos museos de San Paio de Narla e do Pazo de Tor.

Trátase de actuacións incluídas en Soterradas, un proxecto global da Rede Museística Provincial centrado en recuperar e visibilizar a historia das mulleres que traballaron no servizo destes edificios, que foron centros de poder durante séculos, e que se configuraron como espazos culturais dentro da Rede Museística Provincial de Lugo.

Segundo explicou a vicepresidenta Maite Ferreiro “desde a área de Cultura ven de presentarse esta proposta á convocatoria de axudas destinadas a centros museísticos de Galicia, co obxectivo de que a administración galega cofinancie unha iniciativa que aposta por reforzar a mirada de xé-



nero no discurso dos museos, pero tamén pola inclusión e a accesibilidade dos contidos e dos espazos e polo traballo en rede”.

Ademais da renovación museográfica, o proxecto inclúe tamén a convocatoria de residencias artísticas que permitan seguir aprofundando, a través da creación artística, na recuperación da memoria das mulleres rurais, na liña de traballo doutros proxectos da RMPL como Recolectoras. Me-

moria e Terra.

A vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, incidiu en que “buscamos a colaboración doutras administracións e o traballo en rede para seguir dinamizando os museos e para o mantemento e conservación duns edificios que son patrimonio de todas as galegas e galegos, xa que tanto a Fortaleza de San Paio de Narla como o Pazo de Tor son Bens de Interese Cultural”, lembrou.

Aberta a inscrición para o vindeiro curso no servizo de Madrugadores

O Concello de Friol continúa co seu programa de conciliación da vida familiar e laboral dos habitantes do seu pobo, e para iso levará a cabo o próximo curso unha nova edición do servizo de Madrugadores, do que se poderán aproveitar as familias con alumnos e alumnas matriculados no CPI Doutor López Suárez de Friol.

Este servizo estará en funcionamento durante todo o curso 2022-2023, dende as 7:45 ata as 9:45, que é cando xa come-

za a xornada escolar. Levarase a cabo dentro do recinto escolar, e haberá persoal suficiente encargado de atender as necesidades dos usuarios, polo que as familias poden deixas os nenos ou nenas cando o necesiten e xa irían para a clase correspondente cando comece o horario lectivo do centro, ás 9:45.

Con este programa, o Concello de Friol segue apostando por dar servizos de calidade ás familias do municipio, e tamén ás que decidan vir vivir ao pobo e ma-

tricular aos seus fillos e fillas no centro escolar público de Friol.

O Servizo de Madrugadores será subvencionado polo Concello, tendo que pagar cada persoa interesada en facer uso do mesmo a cantidade de 80 € por todo o curso escolar.

Pode realizarse a inscrición nas oficinas do Concello de Friol, ou a través do correo electrónico info@concellodefriol.es. O impreso de solicitude de inscrición pode atoparse na páxina web do Concello.

Reforzan o equipamento tamén no GES de Friol

A Xunta reforzará o equipamento de emerxencias dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) coa entrega a 10 destes grupos ao longo deste mes de distintos vehículos – 3 furgonetas 4x4, 2 vehículos tipo autobomba rural lixeira (BUL) e 4 camións Bomba Rural Pesada (BRP) para mellorar a eficacia nas súas intervencións e que suporán un investimento de máis de 1,3 millóns de euros.

Por unha banda, o GES de Santiago-Noia-A Barcala con sede no concello coruñés de Brión; o de O Ribeiro que atende a subzona de Aviño; e o de Folgoso do Courel, que dá cobertura a área de Quiroga e Terra de Lemos recibirán cadansúa furgoneta 4x4 dotada con 500 litros de auga e completamente equipadas. O investimento nestes tres vehículos acadará os 270.000 euros.

Pola súa banda, os GES da Terra Chá-Lugo con sede en Friol e o de Ulla-Umia con base en Moraña contarán cun vehículo tipo autobomba rural lixeira (BUL) en cada caso cun-

ha capacidade de 1.350 litros de auga. A Xunta destinou 300.000 euros á adquisición destes 2 vehículos adecuados para primeira intervención en caso de incendio ou outras actuacións de salvamento e, adaptados polas súas características e tamaño, a aqueles núcleos con vías máis estreitas e de difícil acceso.

Por último, nas próximas semanas a Xunta tamén fará entrega de 4 camións tipo Bomba Rural Pesada (BRP) nos que investiu 792.000 euros. Os destinatarios destes vehículos serán o GES de Muros, o de Ortigueira que cubre a área de Ortegaleira e Ferrol, xunto co grupo que atende a Mancomunidade do Val Miñor e o servizo municipal de emerxencias de Pontearreas. Estes vehículos, contan con tracción integral 4x4 e cunha cisterna de auga de capacidade de 3.500 litros de auga para intervir na extinción dos lumes contribuíndo a reducir a afectación na zona. Ademais, permiten o acceso a todo tipo de zonas, desde terreos urbanos, a estradas secundarias en áreas rurais e pistas forestais ou camiños.



BREOGÁN. Os xogadores Dzanan Musa e Marko Lukovic, e os adestradores Vejko Mrcic e Javier Muñoz do CB Breogán visitaron aos maiores no Centro de Día de Friol, xestionado por Afalu. Así, compartiron e charlaron cos usuarios e persoal que atende no centro.



MOBELRIAS







OS MOBLES QUE A TÚA CASA NECESITA

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

XXXVIII edición

MOEXMU

1, 2 e 3 de abril 2022

Recintos Ferials Municipais Vila Real de Lugo








Guitiriz participa nun estudo científico sobre o cancro



O Concello sumouse ao proxecto de investigación da USC e do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) que ten por obxectivo analizar a presenza de microminerais esenciais na poboación da provincia co fin de determinar a súa incidencia na saúde e de tratar as enfermidades oncolóxicas. Neste contexto, a USC lanzou a campaña "Minerais contra o cancro", que tenta coñecer o papel dos minerais na incidencia de determinados tumores e valorar o seu potencial terapéutico en doentes de cancro. A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, asinou o convenio de colaboración no que participan xa varias institucións públicas e pri-

vadas. O proxecto de investigación titulado *Intervalos de referencia de microminerais esenciais e tóxicos na poboación da provincia de Lugo* será coordinado por investigadores da USC e do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA). O proxecto de investigación permitirá valorar se o uso destes microminerais podería traballar como suplemento complementario da quimioterapia e radioterapia para, así, mellorar o pronóstico dos afectados pola enfermidade. Para levar a cabo esta investigación nos concellos de Lugo participantes a USC recollerá mostras de sangue nas persoas que estean interesadas en participar

A CHMS mellorará o saneamento e a depuración no Concello

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) e Marisol Morandeira, alcaldesa de Guitiriz, rubricaron o Convenio de colaboración a través do que se executarán novas actuacións na rede de saneamento e na EDAR do municipio lucense de Guitiriz.

O presente convenio ten por obxecto determinar as condicións que rexerán a execución das obras e instalacións necesarias, a posta ao dispor dos terreos e o réxime da posterior entrega ao concello para o seu mantemento e conservación.

As obras consistirán na mellora do tramo final do saneamento do río Veiga na súa conexión coa EDAR de Guitiriz para evitar o seu desbordamento, así como a remodelación da obra de chegada á mesma para incorporar un pozo de grosos e un desarenador.

A CHMS será a encargada a licitación, adxudicación e xestión dos contratos da obra, servizos e calquera outros necesarios para a execución das actuacións contidas no Convenio, para ser entregadas ao Concello, encargada da súa explotación, mantemento



e conservación de maneira provisional, ata a tramitación da mutación demanial.

Estas actuacións complementarán e mellorarán as xa executadas pola CHMS no ano 2018, a través das que se eliminou o colector do río Veiga, que discorría polo propio leito, e construíuse un novo colector fóra de DPH e un tanque de tormentas á entrada da EDAR existente.

O investimento estimado superará os 240.000 euros, que serán sufragados polo Estado, a través da CHMS, nun 80% e o 20% restante pola Administración local.

Marisol Morandeira agradeceu a José Antonio Quiroga "a predisposición

que sempre mostrou a Confederación Hidrográfica cada vez que chamamos á súa porta" e explicou que "este proxecto incidirá directamente na calidade de vida dos veciños e veciñas de Guitiriz, mellorando un servizo tan importante como o saneamento".

"A colaboración institucional é a clave para conseguir proxectos importantes para preservar e mellorar a calidade das augas dos nosos leitos fluviais, sendo fundamental a implicación dos gobernos locais como canle de comunicación máis directo e claro, polo coñecemento que posúen das necesidades reais das zonas ás que representan" concluíu.

Nacen os Xogos de Primavera

O Concello, a través da Biblioteca municipal Casa Habanera, lanza os Xogos da primavera, unha actividade que nace co obxectivo de promover a relación interxeracional entre os maiores e os nenos do municipio.

Farase a través de actividades lúdicas, que permitan estimular a recreación, comunicación e socialización entre os maiores e os nenos, revalorizar os xogos do onte, promovendo a participación activa das persoas maiores no ensino dos mesmos, e facilitar a inclusión dos xogos actuais como ferramenta de interac-

ción entre nenos e adultos.

Levarase a cabo desde o 21 de marzo ao 21 de xuño, o 1º e o 3º luns de cada mes de 17 a 18:30 horas. Como condición para poder participar, os equipos deben estar formados por dúas persoas: un adulto e un menor ou ben dous adultos. As persoas interesadas anotaranse na biblioteca, o xoves anterior á data de realización de cada un dos días de xogo, indicando os nomes e o xogo no que participará. O máximo de participantes serán 4 parellas por cada xogo.

Os xogos que se levarán a cabo son:

Xogo da rá, un xogo tradicional de lanzamento no que a puntería e a precisión dos xogadores son clave para obter unha boa puntuación; 'Birlos', sumando puntos por cada birlo que se derruba; e 'Mariola', un xogo tradicional infantil, no que se debuxan unha serie de casillas numeradas no chan por onde ten que saltar o xogador, que se arrastra mentres se salta á pata coxa.

Haberá premios que consistirán nun sorteo de material do Xacobeo e tamén un obsequio para o equipo con máis puntos.



OFICINA ARI. Xa está en funcionamento a oficina técnica de asesoramento para a Área de Rehabilitación Integral (ARI) dos Vilares e O Buriz. Estará todos os martes na primeira planta da casa consistorial e o seu horario de atención é de 9 a 14:30 horas aínda que fóra deste poderase ser atendido pedindo cita previa no teléfono 982 970 109.

ATABERNA

T: 982 510 061

facebook/ataberna.vilalba

info@atabernavilalba.com

www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA
NUESTRA CARTA
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
PASTAS FRESCAS DE VERDAD
ALCO PARA
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
PASTAS FRESCAS DE VERDAD
ALCO PARA
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
PASTAS FRESCAS DE VERDAD
ALCO PARA
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
PASTAS FRESCAS DE VERDAD
ALCO PARA

TAHONA GURRÁS

Gestas almuerzo

Un detalle ideal para cualquier tipo de celebración

620417388

O Concello estuda crear espazos de estacionamento gratuito regulado

O Concello de Guitiriz estuda crear zonas de estacionamento gratuito regulado con horario limitado nas zonas máis concorridas ou de establecementos comerciais co obxectivo de ordenar e mellorar o tráfico, garantindo a rotación das prazas de estacionamento entre os usuarios.

Esta nova figura articularíase a través da primeira ordenanza municipal de tráfico do Concello de Guitiriz, que desde o pasado martes 15 de marzo está exposición pública durante 15 días na sede electrónica municipal para poder proceder a súa aprobación inicial no seguinte pleno.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Mo-

randeira, explica que “estamos a analizar as posibilidades para rematar coa dobre fila e a falta de aparcamento que se xera nos días laborais ao carón dos espazos comerciais e que fai que algunhas persoas non poidan ir á compra ou facer as súas xestións con facilidade”.

ORDENANZA DE TRÁFICO. A normativa será a referencia en materia de tráfico, circulación, estacionamento e seguridade viaria no municipio. Tamén destaca no texto a apertura da posibilidade de que as persoas con tarxeta de mobilidade reducida poidan facer uso das prazas de carga e

descarga durante un tempo limitado cando estean ocupados os espazos habilitados para estas persoas.

Quedan reguladas tamén as velocidades ás que poderán circular os vehículos nas vías públicas, que será de 50 km/h agás nas zonas urbanas que será de 30 km/h en vías dun único carril por sentido de circulación e de 20 km/h nas que só dispoñan de plataforma única de calzada e beirarrúa. Ademais, tamén se regula a circulación de bicicletas, vehículos de tracción animal, carga e descarga de mercancías, sinalización de obras e obstáculos na vía pública, vaos permanentes, etc.

Parga recuperará o seu centro de saúde no mes de setembro

O PP de Guitiriz agradece a colaboración do Sergas para recuperar a actividade asistencial no consultorio de Parga de xeito paulatino a partir de setembro, tal e como se lles trasladou aos populares deste municipio nunha reunión mantida na Delegación da Xunta, “houbo que adoptar esta medida temporal debido a que dito centro non cumpría os requisitos para prestar unha atención axeitada en tempos de pandemia”. Asemade, a recuperación será gradual debido á dificultade de organizar toda a actividade no período estival a consecuencia da falta de facultativos.

Dende o PP aclaran así que a inhabilitación temporal de parte da actividade respostou única e exclusivamente a criterios de seguridade para doentes e traballadores. O período de inhabilitación foi debido á pandemia, pois dacordo co plan de continxencia elaborado conxuntamente entre o Sergas e os facultativos dous dous centros de saúde, o consultorio de Parga, por mor da súa estrutura física e disposición, non permitía manter as obrigadas e necesarias medidas de seguridade para a atención con absoluta seguridade dos pacientes neses momentos da pandemia.

EN BREVE

PISTA DE PÁDEL. Aberto o proceso de reservas para facer uso da nova pista de pádel localizada na antiga nave do Senpa tamén as fins de semana. Para iso, os interesados ou interesadas deben chamar o teléfono 982 370 109 en horario de mañá, de 9.00 a 14.00 horas.

ITV. A unidade móbil da ITV estará entre os días 7 e 8 de abril no polígono industrial de Guitiriz para os vehículos agrícolas. As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas o primeiro día e o segundo só en horario de mañá. Hai que pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

PAI. O Concello abriu o 1 de abril, o prazo para efectuar a renovación de praza para o próximo curso no PAI. Por unha banda, o prazo para renovar praza abríase desde o 1 ao 15 de abril e, para as novas solicitudes será desde o 16 ao 30 de abril.

Amplían o crédito para proxectos de mellora

O Concello de Guitiriz levou a pleno unha proposta de suplemento de crédito de 397.657,51 euros para financiar diferentes proxectos.

Na relación de investimentos, que conta con 19 epígrafes, destaca unha actuación valorada en 95.214,31 euros en total para mellorar a accesibilidade na rúa Tralouteiro renovando e ampliando as beirarrúas e creando un aparcamento disuasorio na zona.

Ademais, no suplemento de crédito consígnase o crédito necesario (41.000 euros) para sufragar a parte da que o Concello tería que facerse cargo no proxecto de reurbanización da contorna do Castelo de Parga, para o que se solicitou unha subvención dentro do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino. En canto ao saneamento, destínanse 14.481,80 euros para o proxecto

de mellora da rede de augas residuais en Pardiñas, 36.000 euros para o novo convenio coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil de mellora da EDAR, 22.214,72 euros para a reposición da canalización nas rúas do Concello e Boa Veciña e, por último, 31.542,72 euros para a mesma obra na rúa paralela á estación en Parga.

Para a mellora da seguridade viaria contémpanse 33.306,76 euros para a renovación de accesos en Pumariño, financiada a través do Plan Único da Deputación de Lugo, e 19.593,26 euros para os accesos dos Vilares, a través do Agader.

Tamén se reservan cartos para a a iluminación pública nos Vilares, a implantación dun punto limpo móbil de xeito conxunto co Concello de Xermade, ou a renovación do illamento da Casa Barxa.



Guitiriz destina as vivendas de uso social a refuxiados

O Concello de Guitiriz, ante a grave crise humanitaria que atravesamos pola invasión rusa, pon a disposición do Goberno de España as dúas vivendas municipais de uso social coas que conta como aloxamento para refuxiadas e refuxiados procedentes deste país.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, xa enviou á Fegamp un escrito ofrecendo a Escola de Becín e a Escola de Campoverde, que estaban

destinadas para persoas en situación de emerxencia social e agora mesmo están baleiras, para que poida darse aloxamento a algunha das familias ucraínas que están a chegar a Galicia. A primeira consta de planta baixa e primeira planta, tendo a primeira planta cociña, dormitorio, calefacción, electricidade e auga quente. Pola súa parte, a de Campoverde posúe cociña, calefacción, auga quente e electricidade.



VA VEIGUELA ABOGADOS

30 AÑOS DE EXPERIENCIA EN DERECHO LABORAL

INCAPACIDADES
DESPIDOS
ACCIDENTES LABORALES

1ª CONSULTA GRATUITA

Llámanos: 982 228 606

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 📞 982 228 606

[veiguelabogados](#) [veiguela abogados](#)

“A aposta pola mellora dos servizos e infraestruturas foi importante”

José Ulla é o alcalde de Begonte dende o ano 2011

José Ulla Rocha é o alcalde de Begonte dende 2011, cando gañou as eleccións polo Partido Popular.

Pode facernos un balance do ano que rematou?

Seguimos na liña destes últimos anos de mellorar as infraestruturas, tanto da rede viaria como o acondicionamento dos inmobles. En canto á mellora da rede viaria, levamos apostando nos últimos anos pola transformación do asfalto por aglomerado en quente. De feito, levamos máis de 50 quilómetros de aglomerado en quente, que mellora moito a calidade da capa de rodaxe e, polo tanto, o tránsito dos vehículos. Practicamente todas as vías principais que vertebran o concello e comunican as parroquias están xa en aglomerado en quente. En canto ao acondicionamento e á mellora de inmobles rehabilitamos a antiga escola de Saavedra e a de Donalbai, que van ser destinados a alugueiro social. Tamén se rematou a rehabilitación da antiga Cámara Agraria, un edificio de tres plantas que o Concello adquiriu á Xunta e procedeu á súa rehabilitación, a través de distintas axudas, programas e obradoiros de emprego. Un edificio que tiña un orzamento de rehabilitación de preto de 600.000 euros e conseguimos facela por 150.000 euros de fondos municipais xa que o resto foron achegas das distintas administracións. No último ano tamén fixemos unha infraestrutura deportiva moi demandada e que está a ter moita demanda, a pista de pádel e a cuberta desa pista.

Tamén se fixeron melloras no club fluvial de Begonte e no Camiño de Santiago coa colocación dunha fonte e uns bancos na parroquia de Carballedo.

Melloramos tamén o abastecemento de auga, un servizo que temos extendido en todas e cada unha das parroquias e todas as que o solicitan teñen esa auga. A última mellora foi levar o subministro eléctrico ao depósito de Gaibor tamén se fixo unha mellora no sistema de cloración e telexestión dese depósito e outro abastecemento en Santalla de Pena. Agora temos un clorímetro en mellores condicións e máis automatizado. Ademais, a telexestión permítenos contralar desde o teléfono ou o ordenador en todo momento a situación e o nivel da auga.

E de cara xa ao futuro?

Este ano estamos facendo unha renovación de todo o alumado público á tecnoloxía LED, que supón un aforro importante e aquelas

parroquias e barrios que non dispoñían de alumado público estanse dotando del polo que esperamos rematar este ano. As últimas actuacións foron nas parroquias de Damil, Saavedra, Bóveda, Narvaez e a final deste ano estará renovado e en todas aquelas que aínda non tiñan.

En canto á rede viaria, este ano imos destinar máis de 300.000 euros para seguir a dotar de aglomerado en quente no que falta. Hai outros proxectos para este ano. Augas de Galicia redactou un proxecto para a mellora do sanemanto na parroquia de Carral, cun investimento de preto de 200.000 euros e que esperemos que este ano se adjudique esta obra na que augas financiará un 80%. Estamos en proceso de licitación do antigo colexio de Baamonde para ser escola de música e a construción dun auditorio vencellado a esa instalación. Tamén estamos traballando nos vestiarios da pista de pádel e para o futuro ximnasio, o acondicionamento dunha aula de pintura, ao carón do centro de saúde. Tamén estamos traballando en proxectos para mellorar a eficiencia enerxética, que daremos a coñecer pronto.

Pode explicarnos este proxecto de peche do colexio de Baamonde que suscitou tanta polémica?

Para nós non era un peche, era unha unificación. Tiñamos dous colexios cun rendemento inferior ao 50% cada un e iso contando alumnos que eran de Guitiriz e agora temos un de máis de 80 alumnos, unificado, cun investimento importante de preto de 600.000 euros. Para completar esas obras o Concello vén de facer un investimento de 15.000 euros para cambiar todo o mobiliario das aulas e dotar de pizarras electrónicas aquelas aulas que non as tiñan, o que mellorou as condicións de habitabilidade dos nenos do colexio.

E cando estará o proxecto?

Vai ir en dúas fases. Agora está en marcha a primeira, unha obra de 400.000 euros que executará a reforma do edificio para acoller a escola de música e futuro conservatorio e acometarse máis tarde o auditorio. Para elo demolerase o edificio de infantil e aí farase o auditorio, que terá un investimento de arredor dos 700.000 euros. Desta maneira, a parroquia de Baamonde e o Concello de Begonte contará cunha infraestrutura moi necesaria, un local cunha capacidade de entre 300-400 persoas para facer actividades que ata o de agora non se podían desenvolver porque non tiñamos instalación con esa capacidade o que

dificultaba traer algunha actividade ou actuación a Begonte. Ademais, en ningún dos concellos que temos compartida a escola de música temos unha infraestrutura que poida acoller un lugar de ensaio e de actuación.

En que consiste o proxecto que se está a desenvolver na contorna do centro de saúde?

Pretendemos nesa zona crear un espazo deportivo e cultural. Unha vez a escola de música se traslade ás futuras instalacións de Baamonde quedará un edificio libre neste complexo. Unha das plantas será ximnasio e a outra a actividades deportivas e culturais. A contorna ten a día de hoxe a pista de pádel, que nun futuro pretendemos duplicala e crear outro tipo de instalacións deportivas, como por exemplo, volei praia, ou outro tipo de actividades como tiro con arco, petanca, etc. As edificacións máis pequenas serán unha aula de pintura e outra de interpretación da natureza e outra non sabemos aínda. Temos tamén alí un antigo edificio de inseminación que tamén se acondicionará e terá un uso cultural e deportivo.

O deporte para Begonte sempre foi unha prioridade?

Para nós o deporte sempre tivo unha importancia elevada. Fixemos unha aposta e vemos o resultado. Temos moitos nenos participando nas escolas deportivas pero en todas as actividades deportivas que temos sempre hai unha participación moi alta. Este ano imos recuperar estas actividades e seguir ofertando máis e mellores. Temos moita participación en fútbol sala e atletismo pero tamén en tenis, patinaxe, pádel, sen esquecer á ximnasia rítmica, o Club Violeta ten unha gran representación de veciños que acadan éxitos ano tras ano. De feito, temos unhas axudas para impulsar o deporte e polo momento todos os que as solicitaron as recibiron.

Tamén se presta moita atención aos clubs fluviais.

Sabemos da importancia que teñen a nivel turístico e de lecer para uso e disfrute da veciñanza. Levamos asinando co club fluvial de Begonte varios convenios, que é o que conta coa praia fluvial autorizada, no que a poboación pode gozar das instalacións de balde, e aproveitamos as axudas da Xunta para acometer melloras en ambos os dous clubs, tanto nos accesos, creando beirarrúas para mellorar a seguridade, en Baamonde tamén dotamos de aglomerado en quente a estrada que pasa



dante, mellorouse a sinalización, e o ano pasado o peche perimétrico e tamén toda a zona de aparcamento do club de Begonte.

Como se definiría o Concello de Begonte?

O Concello de Begonte pasou de ser un concello eminentemente agrogandeiro a manter as ganderías tamén pero sufrir unha transformación a un concello industrial e de servizos grazas a súa situación xeográfica e comunicacións. Agardamos que agora coa nova estrada entre Friol e Palas e se a Deputación acepta a petición que se está facendo e acondiciona a 1611 que comunica Begonte con Friol mellorará a saída natural a Santiago. A aposta pola mellora dos servizos foi importante, e fixo que aínda que sexamos un concello do rural, con todas as ventaxas que ten, podemos dicir que temos os mesmos servizos que se poden ter nunha capital coas actuacións que fixemos ata o de agora e as que temos proxectadas este ano. Tanto é así que vemos que moita xente está voltando a vivir en Begonte pola proximidade que ten aos postos de traballo e a oferta de servizos.

Como está a situación industrial en Begonte?

O polígono industrial de Begonte está completo. Están instaladas empresas en todas as naves. A maiores contamos co polígono da Deputación de Carral no cal habería unha necesidade de instalar máis empresas e vender as parcelas libres. Pedimos por iso que igual que a Xunta fixo unha rebaixa do solo, a Deputación faga o mesmo para incentivar a venda tal e como fixo nas Gándaras. Se a Deputación non é capaz de facelo, o Concello vai socilitar as parcelas para que o Concello poda bonificarlas para vendelas a un prezo máis interesante.

Cales serían as necesidades máis urxentes?

A máis urxente é a mellora da estrada que comunica con Friol. Sería importante que a Deputación me-

llore tamén as estradas provinciais que están nun estado lamentable, levamos moitos anos nos que o único que se fai é un parcheado pero non de forma eficiente. Hai unha actuación importante que levamos demandando que é que a Deputación acondicione as naves de Manuel Mallo, no polígono de Carral, onde había unha aposta por crear unha escola de pedra, hai tradición de canteiros e temos unhas instalacións dotadas de maquinaria que se están estragando por falta de uso. A Deputación leva rexeitando ese proxecto moitos anos, nós seguimos insistindo e solicitaremos a cesión desas instalacións para acometer un obradoiro ou unha escola taller para poder formar a xente nun edificio tan demandado como a cantaría. A día de hoxe falta moito profesional deste tipo de trallo polo que sería moi interesante.

De que se sente máis orgulloso?

Basicamente da mellora das infraestruturas coas que conta o Concello, tanto a rede viaria como as rehabilitacións que fixemos, como a da Cámara Agraria, as prazas de Begonte e a de Baamonde, con grandes investimentos eu creo que a mellora da contorna foi moi importante e moi ben valorada pola veciñanza.

E un desexo para este ano?

Superar esta pandemia que nos tocou vivir e volver á normalidade para seguir facendo actividades que tivemos que paralizar porque as circunstancias imposibilitaban o contacto humano, que poidamos retomalas e volver á normalidade.

O Belén de Begonte retomouse este ano. Que proxecto hai para el?

O Belén eléctrico de Begonte é o noso maior atractivo turístico. De cara a este ano, que é o 50 aniversario, nas vindeiras datas anunciaremos algún proxecto que faga que este ano sexa distinto. Algo que veña a poner en valor esta tradición. Este ano superamos os 20.000 visitantes malia a situación de pandemia que non é un mal número.

A casa da cultura acolle unha charla sobre o acollemento

O vindeiro luns 4 de abril a casa da cultura de Begonte acollerá unha sesión informativa sobre o programa de acollemento familiar tralo estalido do conflito bélico ucraíno.

Esta charla será en horario de 17.00 a 19.00 horas e estará a cargo da Cruz Vermella e falaranse dos requisitos que se necesitan para ser familia acolledora, o que implica o acollemento familiar, as distintas fases do proceso para ser familia



idónea de acollida e diferenzas entre acollemento e adopción. Así mesmo tamén se responderán as dúbidas dos participantes sobre o acollemento de nenos pequenos e adolescentes.

Abre o prazo de solicitude do servizo de podoloxía deste ano

O Concello de Begonte ofrecerá de novo este ano un servizo de podoloxía aos seus veciños de idade avanzada. Para poder acceder a este programa unicamente é necesario ter máis de 65 anos e estar empadroado no Concello.

Os interesados en sumarse deberán presentar a súa solicitude no servizo de atención podolóxica que xa está aberto e que remata o 1 de abril de este ano.

Será necesario acudir ás oficinas



municipais para asinar a solicitude. Este servizo ten como obxectivo prestar unha atención podolóxica básica ás persoas maiores de cara a favorecer o seu benestar integral.

O colexio cambia o mobiliario e crea o Consello Escolar Infantil



O CEIP Virxe do Corpiño de Begonte investiu un total de 18.000 euros na reforma e modernización das aulas de Educación Primaria. O obxectivo deste cambio é, como explican dende o centro, “utilizar un mobilario máis moderno e funcional, acorde con metodoloxías didácticas máis colaborativas e respetando o establecido no novo Plan de Arquitectura Pedagóxica de Galicia”.

Deste modo, foron cambiadas todas as sillas e mesas e ademais adquiríronse catro equipos completos de pizarras dixitais interactivas “que nos permiten mellorar o equipamento TIC do centro e contribuir ao desenvolvemento

da competencia dixital nos nosos nenos/as”. O cambio foi subvencionado polo Concello.

Ademais do cambio de mobiliario, o colexio realizou a pasada semana a primeira reunión do Consello Escolar Infantil, que se levou a cabo na biblioteca.

Nesta reunión, o alumnado representante de cada clase trasladou ao equipo directivo diferentes ideas, propostas e suxestións sobre determinados aspectos da vida diaria na escola.

“Así, aprendemos a ter iniciativa por mellorar as cousas, e a empregar a palabra e o debate respetuoso para conseguir o que queremos”, engade o director do centro.

O Cercud de Baamonde celebra o 8 de abril unha excursión aos Ancares



O Cercud de Baamonde organiza unha excursión aos Ancares dentro da programación da Deputación Coñece a túa provincia.

Esta actividade terá lugar os venres 8 de abril con saída da praza de Baamonde ás 9.15 horas.

A primeira visita será nun centro ou dependencia da Deputación de Lugo; ben no Pazo de San Marcos ou no Pazo de Santa Comba. A viaxe contempla a visita á aldea de Piorredo, Cervantes, a localidade de Navia de Suarna e a unha fábrica de embutidos. A viaxe inclúe transporte, póliza de seguros de viaxeiros, entradas e menú de xantar e a inscrición pode realizarse a través da web deste organismo begontino. As prazas son limitadas.

Inviste en Friol



CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

Amigos do Miño prepara o río para a tempada de pesca

A sociedade de Amigos do Miño, de Ponte de Outeiro realizou estes días unha serie de traballos co propósito de preparar o lugar para a tempada de pesca.

Así, tanto nos coutos de Terrachá e Castro de Rei, como nos libres do río Miño e río Pequeno, realizaron a reposición de táboas de pasarelas, colocación de tela antideslizamento en 7 pasos e 2 pasarelas, limpeza de lixo no río Pequeno e construción de nova pasarela en Gavín, (couto de Terrachá).

Un total de 15 persoas participaron nestes labores sen ánimo de



Obras nunha das pontes

lucro e que buscan dar seguridade aos pescadores e usuarios do río na tempada de primavera.

O polo aeroespacial recibirá 12,3 millóns de euros máis

Galicia amplía a 52,3 millóns de euros os fondos destinados á licitación de Compra Pública Precomercial para a selección de socios estratéxicos e tecnolóxicos cos que desenvolver o novo programa de I+D no Polo Aeroespacial de Galicia. Aos 40M€ de fondos propios xa comprometidos, súmanse os 12,34M€ obtidos do Plan Complementario de I+D+i de Biodiversidade do Ministerio de Ciencia e Innovación -ligado ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE- para o desenvolvemento dun programa destinado á monitorización e observación da biodiversidade no que se utilizarán sistemas aéreos e mariños non tripulados para a captura de datos.

O programa realizarase no marco deste plan complementario aprobado na conferencia sectorial, na que participaron o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde; e a directora da Axencia Galega de Innovación, Patricia Argerey. Galicia é, xunto con Canarias, a co-

munidade autónoma que recibe máis financiamento do Plan Complementario de Biodiversidade. A Comunidade recibirá 12,34M€ e achegará 10,6M€ de fondos propios que xa estaban incluídos pola Xunta dentro do orzamento da Estratexia do Polo Aeroespacial de Galicia 2021-2025. Andalucía, Asturias, Extremadura e Baleares son as outras catro autonomías participantes.

Este novo financiamento vén reforzar a capacidade de investimento do Polo Aeroespacial de Galicia e constitúe unha gran oportunidade de crecemento para as pemes e centros de coñecemento galegos e para continuar creando e mantendo emprego de calidade en torno a este sector. De feito, cómpre lembrar que para o desenvolvemento destes novos programas de I+D, a Xunta contará coa colaboración dos novos socios estratéxicos do Polo Aeroespacial.

LIÑAS DE ACTUACIÓN. No marco deste programa de investigación Galicia desenvolverá tres liñas de

actuación. A primeira estará centrada no desenvolvemento e despregue de plataformas tecnolóxicas para misións de observación, captura e procesamento de datos de biodiversidade mediante sistemas aéreos e mariños non tripulados; a segunda abordará o desenvolvemento e integración de sensores en sistemas aéreos e mariños non tripulados para a observación e monitorización da biodiversidade e o desenvolvemento de misións de observación; e a terceira consistirá na creación dunha e-infraestrutura integrada para a observación da biodiversidade, que incluírá un centro de proceso de datos que se porá a disposición dos operadores públicos.

Para o deseño das misións a realizar estanse a manter consultas coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia e, a futuro, teranse en conta as necesidades de observación de outros actores como a comunidade científica desta área de coñecemento.

O BNG pide a reposición urxente de médicos no centro de saúde

O BING solicita á Xunta de Galiza a reposición urxente do persoal facultativo no centro de saúde en Castro Ribeiras de Lea.

Segundo declarou a concelleira do BNG, Digna Lagarón, desde este martes, o centro saúde non conta con persoal facultativo suficiente para o funcionamento normal do servizo sanitario “temos constancia que esta semana houbo baixas no centro de saúde e moitas pacientes tiveron que volver á casa porque non houbo ningún médico ou médica que lles atendese”

Digna Lagarón destacou que este feito é comprobable “neste momento, se accedemos calquera veciña ou veciña á listaxe de ocios para pedir cita na app do SERGAS, non temos citas até primeiros do mes de abril; isto é inadmisíbel”

Por todo isto, a concelleira do BNG fixo fincapé nos problemas sanitarios que leva padecendo esta localidade da Terra Chá “o centro médico de Castro de Rei continua pechado e o centro de saúde de Castro Ribeiras de Lea baixo mínimos; esta é a



política de servizos para o rural do Partido Popular á fronte da Xunta de Galiza como tamén da nosa Alcaldía”

Digna Lagarón declarou que o BNG en Castro de Rei vai continuar denunciando a situación sanitaria pola que pasa o concello “é unha obriga continuar sinalando este atropelo, por isto o BNG vai continuar organizando accións para que a Xunta de Galiza reactive o centro médico de Castro de Rei e contemos con todos os servizos no centro médico en Castro Ribeiras de Lea”

Por un puñado de grelos representarse o día 10 en Castro



Na casa da cultura de Castro de Rei, a Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei presenta Por un puñado de Grelos de Guillermo Canelo o domingo 10 de abril ás 21.00 horas. A acción transcorre na Terra Chá tendo como límite xeográfico o Río Torto por unha beira e Xustás Town pola outra. Coméntase en Xustás Town, que nun lugar chamado A Escrita, por onde pasa o Río Azúmara, e que está controlado polo pobo dos Valuros, está aparecendo ouro. A Escrita é a única paraxe natural onde se dá a planta sagrada Os Grelos, e un pobo como os Valuros, respetuoso ca natureza e os seus ancestros, non consentirá unha nova invasión por parte do pobo branco.



VISITAN O CIAR E O PARQUE TECNOLÓXICO DE ROZAS. Máis dun cento de alumnos e alumnas de 3º e 4º de ESO do CPR A Inmaculada de Lugo (Maristas) coñecerán de preto este mes de marzo o traballo que se realiza no eido dos vehículos non tripulados no Centro de Investigación Aeroportada de Rozas (CIAR) así como nas instalacións das empresas Indra e Babcock no Parque Tecnológico e Industrial de Rozas.

RESTAURANTE PARRILLADA
O' Adro
COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...
Ven a probar os nosos cocidos
O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

outeiro de rei

A casa de Manuel María celebrou o tradicional concurso de recitado

A Casa-Museo Manuel María festexou o Día da Poesía coa sexta edición do concurso escolar de recitado poético da obra de Rosalía de Castro e Manuel María con alumnado de distintos lugares de Galicia.

O certame, que leva por título *Rosalía sempre viva*, desenvolveuse en dúas sesións, de mañá e de tarde, e contou cunha importante participación, con números superiores a pasadas edicións celebradas antes da pandemia da covid.

Na primeira categoría (1º, 2º e 3º de primaria) a gañadora foi Lara López Vázquez, do CEIP Menéndez Pelayo de Lugo, polo recitado do poema O carro de Manuel María. Na segunda categoría (4º, 5º e 6º de primaria) foi Carla Sánchez Lamas do CEIP Menéndez Pelayo de Lugo, a vencedora co poema A fala de Manuel María.

En Educación Secundaria, na terceira categoría, venceu Sara Martínez Quindimil do CPI de Xanceda (Meisía), polo recitado do poema Castellanos de Castilla de Rosalía de Castro e en 4ª categoría (Bacharelato e Ciclos Formativos) gañou Noelia Fernández Romero, do IES Félix Muriel de Rianxo, polo recitado do poema Silencio de Rosalía de Castro.

Tamén recibiron unha mención honorífica Iago Gayoso López, na categoría 1ª, do CEIP Menéndez Pelayo de Lugo, polo recitado do poema



Rosas de Manuel María; na categoría 2ª, Manuel Pedreira Syeiro, do CEIP Anexo-A Lomba de Vilagarcía de Arousa, por Canto ao idioma galego de Manuel María; na categoría 3ª, Sara López Ramudo, do IES Santiago Basanta Silva de Vilalba polo recitado do poema Campana de Bastabales; e na 4ª categoría, Mauro Docampo Gacio, do IES Martaguisela do Barco de Valdeorras, polo poema O cedro da horta da Casa de Hortas, de Manuel María.

CONCURSO DE MÚSICA. A primeira edición deste certame ten por obxecto premiar a mellor canción lírica, para voz e piano, escrita sobre un poema de Manuel María. O concurso está aberto á participación de todas as compositoras e compositores que o desexaren, tendo de prazo até o 15 de xuño.

As composicións deberán ser orixinais, inéditas, sen estrear e cunha duración máxima de cinco minutos e mínima de dous minutos e medio. A canción presentada terá que ser sobre un poema, de libre elección da persoa concursante, de entre todos os escritos por Manuel María e estará clasificada dentro da modalidade de canción galega.

Na presente edición as composicións estarán escritas para voz de barítono con acompañamento de piano, estando previsto que en edicións sucesivas sexan para outras voces como soprano, tenor, contralto, baixo, etc. O certame convocado conta cun único premio en metálico de mil euros para a composición gañadora ao que hai que engadir a publicación das partituras das persoas finalistas e a súa distribución gratuita a todos os Conservatorios de Música de Galiza.

Abre o prazo de solicitude para a Escola Infantil

Xa está aberto o prazo de solicitude de admisión para o curso escolar 2022/2023 na Escola Infantil Municipal de Outeiro de Rei, que poderá facerse ata o 2 de maio.

Durante este período de tempo os pais/nais ou titores dos nenos/as que estean na actualidade matriculados na Escola Infantil deberán presentar a solicitude de reserva de praza, no caso de querer continuar na escola infantil no próximo curso.

Paralelamente, os pais/nais ou titores de nenos que desexen acceder a este servizo no próximo curso escolar deberán presentar solicitude de inscrición.

Para ambos supostos hai modelos normalizados que poden obterse na escola infantil e no Concello de Outeiro de Rei; tamén, a través desta nova accédese aos impresos ou premendo no banner que aparece na web municipal destinado a conciliación familiar, familias accédese á información da Escola Infantil Municipal de Outeiro de Rei.

Inaugurada a tempada de pesca nun tramo do río Ladra



Javier Arias e o alcalde de Outeiro, o día da apertura da tempada

A nova tempada de pesca en augas continentais comezou onte oficialmente na meirande parte dos ríos da Comunidade para os máis de 41.000 afeccionados galegos que contan este ano con licenza en vigor.

Con motivo da primeira xornada hábil para a pesca da troita, a directora xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, acompañada polo delegado territorial da Xunta

en Lugo, Javier Arias, o alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo, o tenente de alcalde de Begonte, Luis Luaña, a entidade colaboradora de pesca Asociación Deportiva Río Ladra e os axentes e vixiantes medioambientais da zona, visitaron un tramo do río Ladra ao seu paso por ambos municipios lucenses, desde onde se referiu aos aspectos máis destacados da campaña 2022.



JRoca
INMOBILIARIA



ROCA & PRADO
ABOGADOS

<p>C/ Foz s/n, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 297m² 30.000€ Se trata de un solar en el que se puede edificar: Bajo, 3 plantas y ático.</p>
<p>Herrería 25, Vilalba Casa / Chalet adosado 3 Dorm 1 Baño 153m² 55.000€ Se vende vivienda unifamiliar, con placa echada. En la planta baja tiene un local que se puede usar como garaje o para montar un negocio.</p>
<p>Placido Peña s/n, Vilalba Local 500m² 400.000€ En la calle Placido Peña de Vilalba (Lugo), ofrecemos un local de 500 metros, con dieciséis metros de fachada. El local está acondicionado; pero a mayores el solar es edificable, bajo, 5 plantas más ático.</p>
<p>Vilamartin - Rioaveso s/n, Vilalba Casa / Chalet independente 1 Dorm 1 Baño 102m² 85.000€ A tres kilómetros de Vilalba (Lugo), en dirección Meira, ofrecemos una vivienda independiente, a terminar por dentro de unos 100 metros cuadrados. La casa tiene la fachada en piedra y se ubica en una finca de unos 4.000 metros cuadrados, la cual dispone de pozo de agua, fosa séptica y luz.</p>
<p>Avenida Terra Cha, Vilalba Ático 2 Dorm 1 Baño 55m² 65.000€ En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un piso compuesto por dos habitaciones, cocina-salón y un baño. Dispone de garaje, ascensor y trastero.</p>
<p>Calle Lameirón, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 650m² 90.000€ Se vende solar edificable con 12,65 metros de fachada. La edificabilidad es bajo más 3 plantas más ático. También es posible rehabilitar las viviendas existentes en el frente del solar y hacer una vivienda unifamiliar con terreno a la espalda.</p>
<p>Muras 2, Vilalba Piso 3 Dorm 1 Baño 80m² 85.000€ En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres habitaciones y sala, un baño, cocina amueblada, dos terrazas amplias. Dispone de ascensor y trastero.</p>
<p>Distriz, Vilalba Casa / Chalet independente 3 Dorm 1 Baño 137m² 60.000€ En la parroquia de Distriz, municipio de Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta una vivienda unifamiliar, independiente, en la que hay tres habitaciones, cocina, un baño, garaje para dos vehículos y varios alpendres. La finca en la que se ubica se aproxima a la hectárea de terreno. El conjunto se encuentra a unos cinco kilómetros del casco urbano de Vilalba.</p>
<p>Chao Ledo 1, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 110m² 80.000€ En la localidad de Vilalba (Lugo), a unos 30 minutos de Lugo y Ferrol, 45 minutos de Coruña y de la costa lucense, se vende piso céntrico de 4 dormitorios y sala, 2 baños, cocina y ascensor.</p>
<p>Plaza de San Juan 5, Vilalba Casa / Chalet adosado 6 Dorm 1 Baño 339m² 65.000€ En Vilalba (Lugo), plaza de San Juan, se vende edificio bastante céntrico, que da a dos calles. Se trata de un edificio a reformar, que tiene bajo y tres plantas.</p>
<p>Betanzos 5, Vilalba Casa / Chalet adosado 2 Dorm 1 Baño 144m² 30.000€ En la localidad de Vilalba (Lugo), se ofrece en venta una vivienda unifamiliar, a reformar, en la que hay un garaje de 46 metros y dos plantas de 49 metros cada una.</p>
<p>Biletas, Abadín Casa rural 3 Dorm 1 Baño 216m² 55.000€ La casa está habitable, tiene calefacción y los propietarios tienen más fincas en la zona si le interesase al comprador.</p>

Inmobiliaria JRoca Plaza Suso Gaioso - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal

Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ª, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720

www.rocabogados.info

pol

233 vivendas teñen Internet ultrarrápido con Adamo

Adamo xa ten fibra óptica en 233 fogares de Pol. En concreto, en inmobles situados en San Martiño de Ferreiros, Santa María de Valonga, San Martín de Lúa, Santiago de Milleirós e Santo André de Ferreiros. Alcanzada esa cifra, o operador cumpriu co compromiso adquirido co Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

Con todo, a instalación pode ir máis aló neste concello lucense, dado que é intención dos responsables da compañía levar Internet ultrarrápido ao resto de parroquias de Pol mediante investimentos propios. Sempre, iso si, que se rexistre demanda para iso entre os veciños. Así, aquelas persoas interesadas en beneficiarse do sinal e o servizo de Adamo en Pol poden apuntarse no seguinte grupo da web de Adamo: <https://adamo.es/é/fiberhood/fibra-pol>

Adamo proporciona a fibra óptica máis veloz dispoñible no mercado (1.000 Mb), que ningunha outra empresa supera. Esa potencia permite estar máis preto dos seres queridos que se atopan lonxe, teletraballar con garantías, pasar citas médicas en remoto, acceder a educación en liña, comprar por Internet ou gozar de videoxogos, películas e series a través da Rede.

APOIO MUNICIPAL. O despregamento, que conta co respaldo do seu alcalde, Lino Rodríguez Ónega, enmárcase no exhaustivo plan de expansión que Adamo está a desenvolver na provincia de Lugo, que incluíu a instalación de fibra óptica en máis de 65.000 domicilios no últimos catro anos, entre 2018 e 2021. A eles sumáranse outros 14.000 ao longo de 2021 para redondear un total próximo aos 80.000 fogares na rede de Adamo.

As Mulleres Rurais amplían o seu catálogo de actividades

A Asociación Mulleres Rurais de Pol continúa neste 2022 con varias das súas actividades e amplía o catálogo con un de costura.

Así, continúan con ioga, pilates e clases de piscina e aguaym.

Os luns teñen lugar as clases de ioga de 16.00 a 17.00 horas, dirixidas por Donvina e o martes (de 23.00 a 24.00 horas) e a vez das de pilates, con Rocío, unha das actividades de máis éxito, xa que tivo que dobrar o seu horario. Nos tres casos teñen lugar no local

da Carballeira.

Ademais, o mércores contan con piscina y agyagym, de 21.30 a 22.15 horas, a cargo de Miguel na piscina da Pastoriza.

Engaden agora clases de costura e bolillos os xoves de 16.00 a 18.00 horas na biblioteca de Mosteiro, que serán impartidas por Marisa a partir do mes de abril.

Para inscribirse hai que poñerse en contacto coa asociación a través dos teléfonos 633 378 590, 666 230 570 e 616 129 825.



DÍA DA ÁRBORE. Uns 41 escolares do CEIP Rosalía de Castro de Pol celebraron o Día da Árbore acoñecendo a plantación de máis de medio centenar de castiñeiros, unha actividade promovida pola Fundación Amigos de Galicia en colaboración co Concello. Esta iniciativa enmárcase dentro do proxecto O futuro nas túas mans.

a pastoriza

Acondicionan a contorna da nave municipal e outro cruceiro

O Concello iniciou as obras de acondicionamento da antiga nave municipal. Os traballos consisten na limpeza da contorna desta instalación levados a cabo por unha empresa externa. Como indicaron dende o Concello, "máis que limpeza foi un desescombro que consistiu na retirada de material como plásticos maderiros, ferro, etc."

Tamén se acondicionou a zona da entrada da nave pero queda pendente de facer o arranxo da cuberta e reposición de ventás deterioradas.

A intención é actualizar o edificio



para poder dotalo dunha función aínda que están a estudar o seu futuro.

Por outra banda, tamén se acom-

teron traballos de limpeza e roce en Bretoña, Lagoa, Loboso e Fonmiñá e comezou o proceso de rehabilitación do cruceiro do Vilar en Pousada.

Bretoña recuperará o 24 de abril a Festa da Bola de Liscos e das Freces

Bretoña recuperará este ano a Festa da Bola de Liscos e das Freces, organizada pola Asociación de Amigos da Feira que escolleu como data o próximo 24 de abril.

A festa seguirá o exemplo de edicións anteriores coa preparación de 200 bolas de liscos e de 800 racións de freces que se repartirán entre os asistentes a este evento do que se coñecerá en próximas datas o seu programa.

Esta celebración tivo lugar por última vez no ano 2018 na que foi a súa décima edición e a intención é establecer unha continuidade para

solicitar en próximas datas a súa designación como Festa de Interese Turístico de Galicia.

Na asociación manteñen a idea de lograr esta distinción pero tómanse este ano "de tránsito" debido á premura do tempo, para volcar os seus esforzos coa edición do próximo ano.

A bola de liscos é un prato da zona elaborado con masa de pan, panceta afumada, chourizo e berzas, o que se coñece como cociña con produtos de subsistencia pero cun resultado espectacular. Este ano, para darlle todavía máis relevancia,

as bolas estarán elaboradas con produtos do porco celta. Para os que non coñezan este produto, ten moito parecido cunha empanada gorda pero moi xugosa e sabrosa. Isto é debido aos liscos do seu interior e o sabor é pola cobertura de berza coa que se mete ao forno. Este novo impulso a esta celebración está condicionada polos novos membros da asociación, que entran a reformar esta iniciativa xunto coa anteriores organizadores, que aportarán tamén a súa experiencia e tamén os segredos de elaboración destes pratos.

Marcos García Lombardero, presidente da xestora do PP

A dirección provincial do Partido Popular continúa co proceso de renovación das agrupacións locais de cara aos comicios do ano 23. Deste xeito, Marcos García Lombardero vén de ser nomeado presidente da xestora da formación popular de A Pastoriza. Este nomeamento xurde do consenso entre afiliados e do propio grupo municipal, co fin de acadar o cambio de goberno nas vindeiras eleccións municipais. Segundo este proceso, José Bouso continuará coa súa responsabilidade de voceiro do Grupo Municipal. O resto de integrantes da xestora serán dados a coñecer no prazo dun mes.

Marcos García Lombardero é veciño deste municipio e ten 34 anos. A súa vinculación co Partido data de hai máis dunha década, cando se afiliou a Novas Xeracións. É unha persoa



moi coñecida, debido á súa condición de encargado dun destacado establecemento da zona.

Asume o cargo "cunha gran responsabilidade, xa que o noso obxectivo debe ser desbancar ao PSOE da alcaldía. Unha forma de xestión é posible, e iso só pode vir da man do Partido Popular".

A Asapa organiza a I Festa da Xuventude

A Asociación de comerciantes e empresarios da Pastoriza está a traballar na organización da que será a I Festa da Xuventude e que terá lugar o sábado 21 de maio nesta localidade. Segundo explican dende a dirección deste colectivo, están a pechar o programa desta celebración na que haberá sesión vermú ás 13.45 horas, comida na praza do Concello e pola tarde actuación dunha charanga. Pechará a xornada a actuación dun dúo e a discoteca móbil.

A asociación está a preparar tamén camisetas conmemorativas desta celebración que están a vender a 10 euros como unha forma tamén de sufragar os gastos da celebración. Hai tallas para nenos de 5 a 10 e de adultos da S ata a 3XL.

Estas véndense na gasolinera da Pastoriza, Muselina Moda e no salón de beleza Lisonxa.

Volve a Moexmu

208 cabezas de gando estarán en Muimenta no concurso Fefriga 2022 dentro da feira

A 38 edición da Mostra Exposición de Muimenta (Moexmu) celebrárase os días 1, 2 e 3 de abril no recinto feiral Manuel Vila. O programa foi elaborado para a XXXVIII edición da Mostra Exposición de Muimenta, o XXXVI Concurso de Gando Frisón, a XXXVI Exposición de Gando de Raza Rubia Galega e a XXVI Poxa de Gando Selecto. A maiores, o Recinto Feiral Manuel Vila López acollerá este ano o XXX Concurso Autonómico de Raza Frisona Fefriga 2022.

Igualmente, a comisión organizadora da Moexmu consolida o seu programa de actividades para o domingo 3 de abril, a partires das 16:30 horas co IV Campionato de raza Can de Palleiro, no propio Recinto Feiral Manuel Vila López de Muimenta.

Dito concurso está reservado para os cans da mencionada raza, inscritos no Libro de Orixenes da Xunta de Galicia e maiores de tres meses. O mesmo é puntuable para o XVI Monográfico de raza Can de Palleiro 2022.

Está previsto que nesta edición participen máis de 200 animais dunhas 28 explotacións de Lugo, Pontevedra

e A Coruña. Está valorado no seu conxunto en 484.5000 euros.

O PREGÓN. O pregón estará a cargo do xornalista Antón Losada, que é habitual colaborador da Cadena Ser, e doutros medios de comunicación a nivel estatal, como El Diario, La Opinión o El Periódico de Catalunya. Tamén foi director de Radio Voz en Madrid, a mediados da década dos 90. Estaba previsto que xa o fora no ano 2.020, edición suspendida pola covid-19, e o xornalista mantivo o seu compromiso coa Moexmu de Muimenta. Doutor en Dereito pola USC é profesor titular de Ciencia Política no departamento de Socioloxía e Ciencia Política desa Universidade dende 1998. Tamén ten un Máster en xestión pública pola Universidade de Barcelona.

Ten varios libros publicados, como La política del mar: políticas públicas y autonomía. El caso de la pesca gallega, Piratas de lo público, Código Mariano o Los ricos vamos ganando.

ACTIVIDADES PARALELAS. Nesta edición permanecerá aberto o Mu-



seo da Zoca e da Escola Vella (ubicados no campo da Igrexa Vella) por parte da directiva de Xotramu en horario de tarde, de 17.30 a 19.00 horas, o sábado e o domingo tamén de mañá de 12 a 13 horas. A entrada será gratuíta.

Nas oficinas da Moexmu haberá unha exposición de traxe tradicional, así como pedzas de cantería, a través do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación.

O venres pola tarde, entre as 15.30 e as 18.00 horas terá lugar no salón de actos do centro sociocultural de Muimenta unhas xornadas técnicas para gandeiros, organizadas por Severiano Agrocomercial.

O venres será o día dedicado á veciñanza con entrada de balde. O sábado e o domingo a entrada será de 3 euros para os maiores de 12 anos.

Recuperan unha Festa da Filloa presencial

Tras dous anos de falta, o recinto feiral Manuel Vila volverá acoller no 2022 presencialmente a Festa da Filloa de Muimenta – Festa de Interese Turístico de Galicia.

Así o anunciaron os membros do comité organizador, os mesmos da Moexmu, aproveitando a celebración do Día da Crepe.

A festa volverá a Muimenta novamente o 1 de maio sempre e cando a situación sanitaria o permite nesta data en cuestión. Por outra banda, tamén deberá adaptarse

á situación actual introducindo normativas para manter a seguridade entre os asistentes.

Nos dous anos anteriores, a organización decidiu manter vivo o espírito da celebración convocando un concurso de fotografía, coa temática da filloa, no que se repartiu un total de 150,00 euros entre as dúas fotos máis votadas. As filloeiras estiveron presentes e promocionando a cita nas feiras do mesmo nome de Sada e de Baña.

O Pleno acolle 2 rogos do BNG e 12 preguntas do PSOE

As preguntas do PSOE e os rogos do BNG volveron centrar o pleno celebrado en Cospeito esta semana e no que se aprobou a suba do 2% nos salarios dos traballadores municipais.

O Bloque Nacionalista Galego en Cospeito propuxo a rehabilitación das edificacións de titularidade municipal para dedicalas ao alugueiro social e esixiu ao goberno municipal a que acceda a todas aquelas subvencións que existen para desenvolver esta actuación.

O BNG tamén presentou ante o pleno novas actuacións en materia de infraestruturas, como a instalación

de puntos de recarga públicos para vehículos eléctricos. A concelleira suxeriu como localizacións para estes puntos, Feira do Monte e Muimenta. Esta medida foi aprobada polo pleno municipal.

Non foi aprobada a moción que levou de novo sobre a bonificación na instalación de paneis solares.

Tampouco foi aprobada a moción do PSOE na que se pedía que o Concello acorde subvencionar a aquelas empresas que teñen problemas de acceso a internet.

Así mesmo, o PSOE volveu recuperar moitas das preguntas que leva

facendo nas últimas sesións. Así quixo saber de novo se o Concello recibiu algunha queixa por parte dos traballadores e traballadoras do SAF pero este asegurou que non as recibiu.

O PSOE reclamou unha vez máis información sobre o cambio de empresa para a redacción do PXOM xa que “leva parada dende hai meses”. A concelleira socialista afirmou que levan máis de medio ano esperando a convocatoria da comisión de urbanismo. O alcalde afirmou a preguntas da oposición que está previsto o amaño das pistas en Muimenta,

“que xa están metidas nun plan”. Mentres tanto, o Concello está a facer unha beirarrúa preto da zona onde se vai celebrar a Moexmu. “Esperemos que esta vez sexa certo porque di que están nun plan pero levamos anos así”, di Morán.

Tamén sobre vías o rexedor avanzou que arreglarán en breve tamén as dúas que quedaron pendentes cando se asfaltou a entrada a Momán, a da igrexa e a da ponte do Mercado.

Tamén segue sen facerse o prometido arranxo da consulta do soto do centro de saúde de Feira do Monte.

Nova data para o curso de primeiros auxilios pendente

Muimenta acolle un obradoiro de primeiros auxilios dirixido á poboación en xeral que terá lugar na casa da cultura desta localidade o 23 de abril de 10.00 a 14.00 horas. Este celébrase nesta data debido á suspensión da primeira (26 de marzo) por enfermidade da ponente.

Os obxectivos do curso céntranse en adquirir coñecementos básicos sobre o manexo de situacións que requiran actuación de primeiros auxilios básicos e en aclarar dúbidas referentes os primeiros auxilios.

MEMBER OF
Dow Jones
Sustainability Indices
In Collaboration with RobecoSAM

edp

Changing
Tomorrow
Now

ya llevamos 14 años
cambiando hoy el mañana

edp.com

riotorto

A Confederación actúa en cauces do Río Torto



A Confederación Hidrográfica do Cantábrico finalizou os traballos de mantemento e conservación nos leitos de varios ríos do termo municipal de Riotorto. Actuouse no río Torto, na contorna das Rodrigas, no río Machín, nas inmediacións de O Machín, e no río Ferreiravella, nas proximidades de Carboeiro e A Grova. A lonxitude total destas actuacións ascende a 2497 m de leito.

Os traballos principais consistiron na retirada de árbores e restos vexetais acumulados en diferentes tramos do leito, así como a talla de

árbores secas, enfermos ou con risco de caída, e a realización de labores de poda.

Estes traballos, cun investimento de 39.585,48 euros, realizáronse a través da empresa pública Tragsa dentro do Programa de mantemento e conservación de leitos que desenvolve a Confederación Hidrográfica do Cantábrico fóra das zonas urbanas, nas que os labores de conservación e mantemento de leitos son competencia dos concellos. Durante o pasado ano 2021 investíronse en Lugo 528.178,01 € repartidos en 42 actuacións en 14 municipios.

Os socialistas destacan o investimento da Deputación en varias obras no Concello

Os concelleiros socialistas de Riotorto remarcaron o investimento de preto de 240.000 euros dos orzamentos da Deputación de Lugo, “para mellorar as nosas dotacións públicas, os nosos camiños municipais, o Servizo de Axuda a Domicilio e o fomento do emprego”. Os concelleiros socialistas de Riotorto, José García e Francisco Fernández revisaron esta mesma semana, nas dependencias municipais, os proxectos de obras que se realizarán no Concello con cargo ao Plan Único da Deputación de Lugo, que preside José Tomé Roca. Explican que a través deste investimento, “a nosa vila acometerá melloras en diversas vías municipais.

Concretamente nos accesos dos núcleos de Eirexa, Valverde e Pe-

reiro, así como nos accesos do Courel, Praducelo e Galegos e no campo de fútbol da vila. E tamén se completarán obras nos accesos aos núcleos de Ermida, Navallo e Chacín”.

Outros 10.089 euros investiranse en luminarias LED para renovar o alumeadado, co fin de aforrar custes no consumo municipal. E dentro do programa do SAF (Servizo de Axuda a Domicilio), destinaranse outros 22.500 euros para atender as demandas dos usuarios e usuarias e as das súas familias. Con 42.000 euros, a través do Plan Depuemprego da Deputación de Lugo o concello de Riotorto adicaos á contratación de persoal municipal. E por último, outros 1.500 euros para o programa de actividades deportivas da vila.

meira

A reforma e ampliación do centro de saúde farase cun convenio

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha xuntanza co alcalde en funcións do Concello de Meira, Agustín Méndez, para explicarlle os detalles do convenio para levar adiante as obras de reforma e ampliación do centro de saúde da localidade.

Arias sinalou que a Consellería de Sanidade está tramitando xa a licitación da redacción do proxecto para levar a cabo despois a licitación das obras, que se prevé executar este mesmo ano; hai consignada unha partida de 300.000 euros nos orzamentos para esta iniciativa. O convenio establece que a Xunta asume a elaboración, supervisión e aprobación do proxecto técnico, así como a contratación e dirección das obras de modernización e ampliación do centro de saúde, con cargo aos seus orzamentos. Pola súa banda, o concello comprometeríase a recoller unha bonificación do 95% do imposto sobre construcións, instalacións e obras, de acordo co disposto no artigo 103.2.a) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Esta disposición recolle a posibilidade de establecer bonificacións de ata o 95% “a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por conco-



rrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración”.

As obras no centro de saúde, que é tamén o Punto de Atención Continuada (PAC) dos municipios da contorna, consistirán nunha ampliación para instalar servizos como unha consulta de enfermaría pediátrica, unha sala polivalente, unha sala de técnicas (probas complementarias, citoloxías...), un almacén ou unha sala de limpeza. Tamén se adaptarán os aseos, a recepción e o arquivo, entre outros traballos.

Esta reforma e ampliación forma parte da Fase 2 do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria de Galicia, que contempla a posta en marcha de 37 novos centros de saúde e a ampliación e reforma doutros 14 no conxunto da comunidade.

Crean unha plataforma para xestionar os proxectos eólicos

Un grupo de veciños veñen de crear unha plataforma para xestionar e informar sobre os proxectos de macroeólicos que se pretenden instalar na contorna e que afectan aos concellos de Meira, A Pastoriza e Pol.

O novo colectivo levará o nome de Alto Miño e quere poñer de relevo tamén o que pasa con outros parques e megaproxectos que hai por toda Galicia e tamén polo resto de España.

“Co fin de podermos ter algún tipo de identidade como grupo, pensamos en crear unha plataforma que nos aglutine e que nos represente”, indican.

Unha plataforma non é unha asociación, polo tanto non dá personalidade xurídica. É unha agrupación de xente que ten uns obxectivos, condicións ou

problemática común e apoian un manifesto que os representa. “Neste caso somos persoas en contra deste tipo de creación de parques de macroeólicos na nosa zona e da maneira na que se está a facer, sen ter en conta á veciñanza”, explican os organizadores.

Por este motivo, a veciñanza participou nunha reunión este mes na casa da cultura de Meira, onde se formalizou a creación desta plataforma.

Como engaden, estar na plataforma non vincula a nada: non hai cuota, non hai obrigas, pode entrar quen queira (persoas, asociacións, empresas, administracións, outras plataformas,...) “non ten fin lucrativo, o único que indica é o apoio ao manifesto que a representa”.

Recuperan a ruta de sendeirismo Miño-Eo, que se fará en maio

Tras dous anos de parón pola covid, o Concello de Meira volverá celebrar este ano a Ruta de Sendeirismo Miño-Eo, que terá lugar o domingo 8 de maio cun percorrido de 20 quilómetros de dificultade media-alta.

A programación dará como ás 8.30 horas coa saída diante da igrexa. Pararase en Espido, tras percorrer nove quilómetros, onde se fará o almorzo. O final da ruta estará no Estreito, sobre as 14.00 horas,

A organización indicou que se decidirá se se fai xantar conxunto despois de Semana Santa en función da evolución da situación sanitaria.

O prazo de inscrición remata o 1 de maio e ten que facerse na Oficina de Turismo, no Concello ou nos teléfonos 618 679 632 ou 982 330 102. Tamén pode usarse a vía electrónica no correo turismo@concellodemeira.com.



Celebran o 2 de abril na Escola de Órrea o 124 aniversario de Avelino Díaz

A Escola da Órrea acollerá o domingo día 2 de abril a celebración do 124 aniversario de Avelino Díaz organizado pola asociación que leva o seu nome e os concellos de Riotorto e Meira.

O evento comezará ás 17.00 horas, e nel proxectarase a obra Mamasunción de Chano Piñeiro; unha curtametraxe que conta a historia dunha nai que ben podería ter sido a do poeta. Asemade, trala proxección farase unha posta en común dos últimos datos coñecidos de Avelino Díaz.

Para rematar, inaugurarase simbólicamente o Mapa da Parroquia, unha obra doada hai décadas polo seu autor Castor López Montes.

O acto será presentado por Sara de Patorna e nel participarán, Alicia, Óscar e Miguel de Dios, Álvaro do Ferreiro, Airela, Noa e Celtia de Fleire, Isaura da Caseta, Noelia de Cartas e Marisol do Ferreiro.





Reunión dos representantes do Catastro cos dirixentes de Muras

Muras, escollido para o proxecto catastral A Finca

O Concello de Muras foi elixido o único concello galego para facer a revisión catastral A Finca. O Catastro contra o reto demográfico. Este proxecto piloto traballará nunha mellora catastral complicada e necesaria en Muras, e na que se leva traballando cinco anos.

Ao abeiro deste programa, o pasado 25 de marzo o concello recibiu a visita do xerente do Catastro, a responsable da Contribución Rústica do Catastro, o responsable de Informática e a responsable de Urbana.

“O papel dos concellos é crucial neste proceso, e tras a final do proxecto os titulares dos inmobles terán datos depurados e actualizados co axuste parcelario ben feito. As tramitacións e inscricións sempre serán de balde e ao final o titular poderá descargar-se certificacións sobre os seus inmo-

bles”, explican dende o Concello.

Avanzaron tamén que levarán a cabo o proxecto ao completo e comezarán por constituír unha xunta pericial para levar adiante este proxecto co que se pretende unha coordinación entre administracións para a identificación dos inmobles inscritos e que non teñen titular.

Dentro deste programa traballarase en diferentes puntos como a coordinación das administracións para evitar papeleo; a publicidade do proxecto e do seu procedemento co cidadán e as administracións; a identificación no territorio dos inmobles inscritos; a identificación do dominio público; o axuste do parcelario; a actualización das direccións postas e inscricións correctas no Rexistro; a depuración das titularidades en investigación, entre outros.

O Concello farase cargo do custe da limpeza pola tuberculose da Balsa

O Concello anunciou que asumirá os custes da limpeza sanitaria que realizarán os gandeiros na parroquia da Balsa para controlar o gromo de tuberculose bovina detectado no mes de febreiro.

A normativa veterinaria nestes casos obriga aos gandeiros afectados ao sacrificio dos animais e a realizar unha limpeza de inmobles e espazos comúns de uso gandeiro. “O custe económico deste proceso é importante e como vemos que a Consellería non se está a implicar farémolo nós”, indica o alcalde de Muras, Manuel Requeijo.

Nesta última quenda sacrificáronse na Balsa un total de 24 animais tras outras accións anteriores que levaron á morte a 16 dunha primeira vez, en maio de 2019 e a 13 na segunda ocasión. O Pleno aprobou en febreiro unha moción de urxencia na que solicitaban á Xunta unha in-



vestigación sobre este gromo de tuberculose, ademais da aprobación de medidas compensatorias cos afectados. “Como vemos que non toman medidas, queremos facelo nós”, reitera Requeijo.

Este novo rebrote ten ao sector gandeiro da zona moi preocupado, por todos os danos e prexuízos que pode provocar unha nova inmovilización das explotacións, sendo o principal problema o das perdas económicas e o da desconfianza do mercado.

O alcalde insta á Xunta a impulsar o polígono industrial

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, fixo un chamamento á Xunta de Galicia e ao PP para “arrimar o ombreiro” para impulsar o polígono industrial, que leva en trámites varios anos.

“É de público coñecemento que os traballos para contar cun polígono Industrial iniciáronse no ano 2016, e despois de seis anos seguimos sen ter aprobado a modificación das normas subsidiarias, trámite necesario para poder construír as ansiadas instalacións industriais. Nesta tramitación, foron varios os requirimentos da Dirección Xeral para emendar o documentos, ben por falla de informes ou por cuestións puramente formais. No último requirimento de Urbanismo, advirten da ausencia dun informe sectorial, de Medio Rural, sobre a protección agropecuaria e forestal, que non fora requirido en ningunha comunicación anterior, ademais da necesidade de aportar planos dos que tampouco se dera conta previamente”, explica o alcalde.

O mandatario engade que “non é comprensible que a lexislación do solo de Galicia, estableza no seu artigo 60.7, que será o órgano competente en materia de urbanismo quen solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, e despois a propia Xunta inste ao concello a que solicite ditos informes”.

Adxudicadas as obras da praza da Galeguidade

A Deputación vén de aprobar a adxudicación das obras de humanización da Praza da Galeguidade por preto de 220.000€. A Xunta de Goberno deulle o visto bo a esta fase administrativa que permitirá o inicio dos traballos unha vez asinado o contrato.

O proxecto contempla un conxunto de actuacións que teñen como obxectivo humanizar o centro de Muras, creando un novo espazo de convivencia que lle dará un maior protagonismo aos peóns e reducirá a velocidade dos vehículos.

Vaise crear unha única plataforma de pedra e formigón que unirá as fachadas dos edificios coa Alameda da Praza da Galeguidade, coa intención de unificar estas dúas zonas, e pola que transitarán tanto os vehículos como os peóns. Elimina-

ránse os banzos actuais para mellorar en accesibilidade tanto para as persoas con mobilidade reducida como para os carros dos bebés. Ademais, esta obra servirá para renovar as subministracións públicas, como a rede de abastecemento de auga, de pluviais, de enerxía eléctrica e de telecomunicacións. Así mesmo, esta zona dotarase de novas luminarias e de mobiliario urbano que ofrezca unha maior calidade e comodidade para a veciñanza.

A rúa Apóstol Santiago modificará a súa actual bidireccionalidade, converténdose nunha estrada de dirección única en sentido ao Concello. Quedará prohibido o acceso á nova contorna dos vehículos que circulen en sentido ao Concello dende a rúa José Ramón Puentes.

Atila Cabaleiros organiza un curso de fitosanitarios

Unha vez dado por finalizado o curso de benestar animal co 100 por 100 de aprobados, a asociación Atila Cabaleiros de Muras realizará outra formación sobre fitosanitarios, que se impartirá os días 9, 10, 23 e 24 de abril, en horario de 8.30 a 14.30 horas. O curso, de nivel básico, impartirase no local social de Muras e o exame terá lugar o día 25 de abril no CFEA Pedro Murias de Ribadeo. A formación, como a anterior, está financiada polo Concello e as persoas que desexen informapoden poñerse contacto coa asociación no atilamuras@gmail.com.

Amplíase o prazo de exposición pública do inventario de camiños municipal ata o 25

Está en exposición pública o Inventario de Camiños Municipais, que se extenderá tras un novo prazo ata o próximo 25 de abril.

Durante este prazo, o documento pode ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que formule alegacións ou reclamacións no caso de consideralas pertinentes. Así mesmo, a través da ligazón <https://muras.sedelectronica.gal/info.1> o con-

tido será accesible mediante un Visor Web.

O Inventario de Camiños Municipais será o instrumento que resolva as carencias ata agora existentes e aclarará de forma definitiva os criterios de posesión e titularidade.

Unha vez sexan resoltas todas as alegacións e consultas presentadas a este período de consultas, o expediente será elevado ao Pleno da Corporación para a súa aprobación.

MILAR ALBOSAT
tu tienda de electrodomésticos

Avda. de Galicia, 42
17800 Vilaalba (Lugo)
Telf.: 982 510 581
655 470 030
info@albosat.es
www.albosat.es

Servicio propio de reparación

Venta y reparación

ASESORATE CON NOSOTROS

PLAN RENOVE

COMBI LG GBP61D5PGN
Cajón Fresh converter Modo Eco

LAVADORA LG F4WV3008N3W
Inteligencia Artificial AI Direct Drive

579€

LAVAVAJILLAS SAUBER SERIE 7 60
TERCERA BANDEJA MULTIFUNCIÓN AJUSTABLE
Programa media carga

349€

429€

399€

LAVADORA BEKO WTA8612X5WR
Función pausa+carga

PLACA BEKO H1563206M
9 programas

224€

299€

A asociación veciñal de Cabreiros organiza catro rutas pola provincia

A asociación de veciños de Cabreiros organiza durante os meses de abril e maio varias rutas de sendeirismo, que terán lugar os domingos comezando o 3 de abril.

A primeira terá como destino Penas de Rodas, un percorrido de 13 quilómetros de dificultade baixa que pasa por Rábade e Outeiro de Rei. O roteiro sea do pobo da Feira subindo ata a ascensión ao miradoiro da Terra Chá.

A seguinte será o día 10 de abril pola Ruta do Rego da Meda, nas Pontes, que tamén conta con 13 quilómetros e de baixa dificultade polas fragas da Vaqueriza ata O Caneiro. Continuarán os roteiros xa o 1 de maio pola Ruta da Cubela, en Ribas de Sil, un itinerario circular de 16 km que arranca en Augasmestas, on de o río Lor únese ao Sil. Alí visitarán o meandro da Cubela e a igrexa



románica de Torbeo entre outras puntos desta zona do Courel.

O 8 de maio concluirá o ciclo coa ruta de Maeloc, en Bretoña, un trazado de recente creación, que se prolonga 15 quilómetros con dificultade media. Subirán á Pena Gallada para observar a costa Cantábrica.

As persoas que desexen inscribirse nas rutas poden facelo chamando aos teléfonos 619 547 072 ou 686 104 780.

Piden tres axudas para proxectos turísticos e medioambientais

O Concello de Xermade presentou unha solicitude ás axudas da reserva de biosfera para tres proxectos de posta en valor do medio ambiente e recursos turísticos.

No DOGA do 11.02.2022 publicouse a Orde do 20 de xaneiro de 2022 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para actuacións de concellos e entidades en reservas da biosfera de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT724B).

Destas axudas poderán ser beneficiarios os concellos incluídos no ámbito territorial de calquera das 7 Reservas da Biosfera de Galicia. O Concello de Xermade pertence á Reserva de Biosfera Terras de Miño, á que pertencen outros 25 concellos da provincia de Lugo.

O proxecto de posta en valor e promoción da Reserva da Biosfera Terras do Miño no Concello de Xermade obtivo o aval do órgano xestor da



Unha vista dun dos roteiros de Xermade

reserva e contempla tres actuacións. A primeira consiste no desbroce para a conservación de ecosistemas forestais e prevención de incendios forestais e eliminación de acacias, nun espazo de 9 hectáreas propiedade da Comunidade de Montes de Lousada, cun orzamento de 15.300,00 euros.

A segunda actuación é a creación dun aparcadoiro de autocaravanas para fomentar o turismo sostible na área recreativa de Cabreiros, nun espazo de titularidade autonómica (está tramitándose a cesión), cun or-

zamento de 18.946,00 euros.

Ademais, pedirán financiamento para o embelecemento da zona de baño na área recreativa de Cabreiros, cun orzamento de 44.700,00 euros. Restauraránse as comportas de enchido e baleirado da zona de baño e instalarase unha pasarela de 17 metros de lonxitude por 2 metros de ancho para conectar a illa coa propia área recreativa.

En total, o orzamento sen IVE ascende a 78.946,00 euros, dos cales se solicita o 100%. O IVE será achegado polo Concello de Xermade.

abadín

Adamo comeza os traballos para levar internet á localidade

Segundo informou o alcalde, Adamo está traballar no proceso para facer chegar a súa rede de internet ultrarrápido a todas as parroquias do termo municipal.

Están a buscar a mellor situación para o cadro de control, que se situará no casco urbano de Abadín e en breve procederase a informar á veciñanza desta novo servizo para que podan acollerse ao mesmo.

TELEVISIÓN. Por outra banda, Regal está a proceder a solucionar os problemas de recepción de televisión que se están a dar co cambio ao 5G a causa de distintas interferencias.

A actuación estase realizando en Monte Neda e as melloras repercutirán na metade do Concello.

Precisamente o PSOE demandou al Concello no mes de marzo unha actuación rápida pola mala recepción que había nos fogares do sinal de televisión, unha situación que se estaba a dar dende o pasado mes de xaneiro.



O Concello comprará o terreo situado detrás do consistorio

O Concello de Abadín investirá os cartos do Plan Único para a compra dun terreo de dúas hectáreas por detrás da casa consistorial nova que servirá para facer unha ruta que vai dar á futura residencia de maiores que se construíra ao lado do colexio.

Este terreo destinarase a zona de esparcemento da residencia, aproveitando a carballeira que ten así como para aparcamento para os usuarios das oficinas municipais. Ademais desta actuación, o Plan Único da Deputación tamén irá

para a mellora da rúa Fanego Rojo que se pretende humanizar poñendo toda ao mesmo nivel e utilizando un material similar ao adoquín, tal e como informou o alcalde, José María López Rancáño. Aproveitarase esta acción para mellorar tamén todos os servizos. E coa subvención do Fondo de Compensación, o Concello de Abadín comprará unha moto niveladora nova para conservar as pistas que están feitas, limpar as cunetas e arranxar os camiños forestais.

Organizan a peregrinación a Santiago de Compostela dende o 9 de abril en 5 etapas

O Concello de Xermade, con motivo da celebración do Xacobeo 2022, promove e organiza a ruta a pé desde Xermade ata Santiago de Compostela en distintas etapas.

A primeira, de Xermade a Guitiriz terá lugar o día 9 de abril, para continuar o 23 coa de Guitiriz a Sobrado. O tramo deste último concello a Arzúa farase o día 7 de maio para continuar a O Pino o día 21 do mesmo mes. A ruta rematará coa quinta etapa dende O Pino a Santiago o día 4 de xuño.

A saída será todos os sábados ás 8.00 diante do Concello. Habrá autobús gratuito desde Xermade ata o comezo da etapa, así como de regreso ao remate de cada xornada.

As inscricións están xa en marcha no 982 50 10 02 (ata dous días antes do comezo de cada etapa), que terán un aforo limitado.

Informa sobre esta actividade Lucía, no 678 744 178.



Cada persoa levará a súa comida para xantar ó finalizar a etapa. Mentres camiñamos contaremos con: transporte de apoio, auga e caixa de primeiros auxilios proporcionados polo concello.

Prioridade para persoas empadroadas. O Concello reserva o dereito de cancelar a actividade ou etapas se non se dá un mínimo de inscricións.

TERRA CHÁ

O Goberno anuncia rebaixas no combustible e outras medidas

O presidente do Goberno, Pedro Sánchez, presentou o Plan de Resposta ao impacto da guerra en Ucraína e que inclúe o veto aos despedimentos e a bonificación cun mínimo de 20 céntimos o litro de combustible a todos os cidadáns, non só a transportistas. Este plan está valorado en 16.000 millóns de euros.

Estas medidas foron publicadas tras dúas semanas de folga nos transportes con importantes repercusións en todos os sectores, en especial na provincia de Lugo, onde a plataforma convocante ten moito peso social e que participou activamente nas protestas a través de manifestacións, cortes de tráfico, etc...

Este plan conta con cinco eixos que abarcan axudas a familias, traballadores, desprazados e ao tecido empresarial, así como medidas en materia de transportes, ciberseguridade e enerxía.

Entre as medidas para axudar ás familias, traballadores e persoas desprazadas destaca a bonificación cun mínimo de 20 céntimos o litro de combustible a todos os cidadáns, non só aos transportistas.

O Goberno aplicará unha rebaixa de 15 céntimos e as petroleiras un mínimo de 5 céntimos, aínda que



Os transportistas cortaron a A-6 á altura de Guitiriz

algunhas compañías xa anunciaron rebaixas superiores.

Este eixo dirixido a cidadáns tamén incorporará a limitación das revisións das subidas dos prezos dos contratos de alugueiro de vivenda ao 2% no próximos tres meses, así como o aumento do 15% na contía do Ingreso Mínimo Vital (IMV) para chegar a máis familias vulnerables. Ademais, estenderase a 600.000 familias máis o bono social eléctrico, ata chegar aos 1,9 millóns de fogares, se prórroga ata o 30 de xuño a rebaixa impositiva na luz e permitirase que as empresas acudan a medidas de flexibilidade, como os ERTE, á vez que se prohiben os despedimentos, como xa sucedeu durante a pandemia.

No que respecta á parte enerxética,

Sánchez anunciou que presentará a Bruxelas unha medida “excepcional e temporal” para fixar un prezo de referencia do gas; ademais actualizará o réxime retributivo específico da produción de enerxía eléctrica a partir das fontes de enerxías renovables, coxeración e residuos, o que supoñerá unha rebaixa dos cargos do sistema eléctrico ata o 55% en 2022.

En canto ás medidas para apoiar ao tecido económico e empresarial, o presidente anunciou unha nova liña de avais de créditos ICO por 10.000 millóns de euros para cubrir necesidades de liquidez provocadas polo aumento temporal do custo da enerxía e os combustibles. Tamén haberá axudas directas ás empresas de transporte.

As Pontes interésase polas axudas da luz

Unha delegación das Pontes mantivo unha xuntanza co Goberno local de Muras para coñecer in situ o sistema de axudas ao pago da luz vixente neste Concello, co obxectivo de ver as posibilidades da súa posible aplicación.

Estiveron presentes nesta reunión informativa Antonio Alonso, primeiro Tenente de Alcalde das Pontes; Maite Méndez, concelleira-delegada especial de Organización Económica e Kiko da Silva, portavoz do BNG mentres que por Muras estiveron, o alcalde nacionalista Manuel Requeijo e Mario Rouco,

segundo Tenente de alcalde.

Os dirixentes ponteses recibiron información detallada da posta en marcha desta iniciativa que Muras inaugurou no 2016 para axudar aos veciños a sufragar as facturas da luz de todo o ano cos impostos que se cobran ás empresas eólicas pola instalación de aerogeneradores. Esta visita prodúcese precisamente no momento no que os veciños están a presentar as súas solicitudes das axudas ao Concello de Muras, prazo que remata a mediados de marzo e que todos os anos se abre en febreiro.



Realizan labores de prevención nos montes de Pol e Riotorto

Rematados os traballos preventivos en montes situados en Pol e Riotorto, no Distrito Forestal X-Terra Chá, por importe de case 50.000 euros. Ditas actuacións consistiron na mellora de cortalumes e pistas forestais. Así, a mellora de cortalumes executouse no monte de Lúa, en Pol, nunha superficie de 10,35 hectáreas. O obxectivo foi interromper a continuidade da vexetación naqueles lugares especialmente axeitados de cara a deter un posible incendio forestal.

Leváronse a cabo rozas nun total de 62,06 hectáreas, localizadas nos montes de Lúa, de Suegos e de Susá (no concello de Pol) e nos montes de Lourido, Fonseca, Borducelo, de Coto e Paleiras e Campo de Fonseca (no concello de Riotorto). As actuacións consistiron na roza mecanizada da faixa auxiliar en ambas marxes de vías de comunicación para así facilitar o tránsito polo monte dos medios do Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Formoso presenta medidas para actuar ante a guerra de Ucraína

O secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, presentou o Plan urxente de medidas económicas e sociais de Galicia. Trátase dun decálogo de medidas co obxectivo de facer fronte a situación de emerxencia derivada da guerra de Ucraína e axudar a superar a situación ás persoas e sectores máis afectados. Consciente de que “a situación é moi crítica, con sectores estratéxicos moi afectados”, Formoso indicou que con estas 10 medidas “os e as socialistas pónense ao servizo da sociedade galega”. En paralelo, tamén lle reclaman á Xunta “que nos chame e que se sente con nós para poder definir as prioridades e os mecanismos axeitados para que a vida dos galegos e galegas, así como a economía e o emprego, se recuperen na medida do posible”. Tras incidir en que que a Xunta “está

ausente no peor momento do país dos últimos anos”, o líder socialista lembrou que hai xa 48 horas que se solicitou unha reunión urxente “cun Feijoo máis preocupado por amar Madrid que por amar Galicia”. “Decidiu que a súa prioridade non era este país, e faino no peor momento para adoptar esa decisión”.

Ante esa falta de resposta, Formoso subliñou que “o PSdeG é un partido de goberno e que entende que ten a obriga moral de aportar a esta situación na que o conxunto da sociedade está pasando carestías”. Enmarcou neste contexto a presentación destas dez medidas no eido social e económico. Entre outras cuestións contemplan rebaixas da fiscalidade e incentivos tanto para aos sectores máis afectados como para as familias que o están a pasar peor ou propostas como que se

triplique o orzamento destinado ao bono social eléctrico, co obxectivo de chegar a 15.000 beneficiarios.

Ademais, para a consecución deste obxectivo, Formoso reivindicou a necesaria coordinación co goberno do Estado, “que loxicamente tamén ten que adoptar medidas de moitísimo calado”. Nesta liña, Formoso sinalou que “a mesma esixencia de celeridade que teño coa Xunta tamén a teño co goberno de España”. Finalmente, lembrou que algúns dos sectores afectados, como o dos transportes, “son os mesmos aos que aplaudimos e admirabamos cando poñían en risco a súa vida para que tivéssemos respiradores nos hospitais ou mascarillas nas nosas casas”.

Consulta o decálogo en www.terrachaxa.com

A Fundación Caixa Rural Galega convoca as primeiras bolsas

A Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas, formada en outubro de 2021, fixo pública a primeira convocatoria de dúas bolsas para estudos de posgrao que poderán ser cursados entre 2022 e 2023 en territorio nacional ou no estranxeiro, en escolas de recoñecido prestixio e no ámbito agroalimentario ou forestal. Cada bolsa terá unha dotación máxima de 40.000 euros que poderán destinarse a matrícula e

estancia e cuxo importe definitivo dependerá do lugar e centro no que se realicen os estudos.

Para poder optar a algunha das bolsas, os solicitantes deberán ter un título universitario, ter vinculación con Galicia e poderán ser estudantes recentemente licenciados ou profesionais que xa estean a traballar na actualidade.

O prazo de presentación de solicitudes xa está aberto e finalizará o 6 de maio.

DEPORTES

Os pequenos do club de loita vilalbés regresaron ao tapiz



Despois de case 3 anos sen competición escolar, os máis pequenos participaron nunha Xornada Norte de Deporte Base de loita no Pavillón Municipal de deportes de Lugo e xuntou a clubs de Lugo, centro de Pontevedra provincia, A Coruña, Ourense e Asturias.

En total máis de 150 nenos e nenas tentaron demostrar o aprendido nestes meses despois de dous anos de parón demostrando as gañas de volver ao tapiz.

O Club de Lita Olímpica de Vilalba desprazouse a Lugo cun equipo de 32 deportistas (8 nenas e 24 nenos) acadando o 2º posto por equipos por detrás do Ayude de Santiso. Os 3 primeiros clasificados poderán participar na Final A da Xornada Final de Deporte Base que terá lugar no próximo mes de maio.

Máis aló do resultado, estas actividades buscan que os máis pequenos e pequenas podan disfrutar da loita independentemente do seu nivel.

Volve a Copa Deputación de fútbol

O deputado de Deportes Efrén Castro presentou a XXXVIII Copa Deputación de Fútbol nas categorías sénior, na que participarán 76 equipos de Liga Galega 1ª e 2ª División Feminina, Preferente Autonómica Masculina, Primeira, Segunda e Terceira Autonómica Masculina.

A competición, que arrancará o 17 de maio, ofrece aos equipos a posibilidade de participaren nunha competición de ámbito provincial, con alicientes competitivos diferentes aos das ligas, ao tempo que supón unha inxección económica para os clubs xa que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo concederá premios aos conxuntos participantes, en función dos partidos disputados e das eliminatorias superadas (entre 385 e 450 euros por eliminatoria xogada como visitante e 450 e 600 por eliminatoria xogada como local, segundo as categorías).

Efrén Castro sinalou que “o patrocinio desta competición responde ao compromiso da Vicepresi-



dencia da Deputación co tecido deportivo, ao que se ofrece apoio económico con distintas liñas de axuda e tamén oportunidades para competir e seguir formando aos xogadores e xogadoras” e lembrou que “ao longo do ano se celebran tamén competicións de ámbito provincial noutras disciplinas como o baloncesto, o atletismo ou piraguismo con ese mesmo obxectivo”.

O deputado de Deportes sinalou tamén “que a incidencia social dun deporte como o fútbol, que

conta con moitas persoas afeccionadas, converte tamén esta competición nunha oportunidade para a dinamización das localidades que acollen os partidos”.

No acto de presentación, no que participou o vicepresidente da Federación Galega de Fútbol Carlos Méndez e o delegado en Lugo Manolo Vilachá e que contou coa presenza de persoal directivo de medio cento de clubs, realizouse o sorteo para definir os emparellamentos nas distintas categorías, que se xogarán en seis xornadas.

Begonte acolleu en marzo o I aberto do Castiñeiro de billarda

A incursión billardeira no Festival 27373 de música en galego, que anualmente se celebra no Club Fluvial de Begonte, foi o xerme que fixo agromar un novo equipo de billarda.

A Asociación cultural Castiñeiro Milenario presentou un equipo mixto que debutou oficialmente na tempada 2019-2020 (tempada que por mor da pandemia houbo que dar por rematada a falta de catro xornadas) e agora nunha nova tempada da liga regular, foron os anfitrións do I aberto do Castiñeiro.

Xuntáronse en total 71 persoas de tódalas idades que deron o mellor de si nunha fermosa e apacible mañá dominical no campo de fútbol de Pacios que foi o lugar elixido para este primeiro aberto.

Aló vai xa máis de media tempada e semella que non hai un claro dominador. Os que comandan a clasificación están nun sube e baixa continuo. Xornada a xornada os dez ou doce primeiros intercámbianse os postos. Sirva como mostra que foron cinco xogadores distintos os que nas sete xornadas que van disputadas se turnaron no alto da clasificación e todos teñen



Os Troitas Bravas foron os gañadores por equipos

opcións de acadar o campionato. O gañador do aberto foi Daniel (Billardeiros Musicais) con 23 puntos, segundo Regueiro (Troitas Bravas) con 22 puntos e terceiro Basilio con 21 puntos.

A categoría de donas, segue dominada polas tres mosqueteiras do NorLeste. Aroa, Irea e Geni, que se veñen alternando nas vitorias das xornadas. Esta vez tocoulle gañar a Irea por diante das outras dúas.

En infantis, os cativos de Madia Leva, Diego-Mateu, Mateu-Diego, (que tanto monta, monta tanto), xunto con Aroa, son os que arrincan os maiores aplausos dos xea-

reiros, día a día nos sorprenden co seu dominio do xogo.

Por equipos dominaron Troitas Bravas, segundos Billardeiros Musicais e terceiros Carabullo, que maila todo siguen como primeiros. É de destacar e de agradecer o traballo da Asociación Castiñeiro Milenario para organizar este aberto e polos agasallos que o remate do aberto entregaron os gañadores. Por outra banda, clubs da provincia de Lugo participaron na Supercopa de billarda, que se celebrou o pasado mes de marzo televisado e con participación de todas as conferencias.

Convocado un xogador pontés para a selección de rugby

O xogador pontés Anxo Soto Díaz vén de ser convocado coa Selección Galega M14 para participar no Campionato de España de Seleccións Autonómicas. O xogador do Alvac CR Fendetestas viaxará a Cullera (Valencia) co equipo galego, onde disputará o campionato estatal de rugby. Esta é a primeira vez que un xogador do clube pontés é convocado para disputar unha competición oficial nesta categoría, o que dá mostra da boa saúde da que goza a canteira do rugby na vila.



A Deputación convoca 185 bolsas para deportistas individuais

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou as bases da convocatoria dos premios para deportistas individuais, cun orzamento de máis de 86.000 euros. Son 185 bolsas coas que a Vicepresidencia da Deputación promove a participación continuada e progresiva dos deportistas lucenses de base nas distintas disciplinas, recoñecendo os seus logros e favorecendo o progreso na súa formación integración integral. As contías variarán entre os 300 e

os 2500 euros en función dos resultados deportivos acadados en probas e campionatos en cada nivel de competición, desde os campionatos provinciais ata as olimpíadas, ao longo de 2021.

Resérvase unha porcentaxe mínima do 7% deses 185 premios para deportistas con capacidades diferentes, é dicir, un total de 13 premios que de non seren cubertos, pasarían automaticamente ao resto de deportistas solicitantes.

“Friol é un pobo magnífico para facer calquera proxecto educativo e deportivo”

Felipe Barata é o creador, impulsor e adestrador do Club Atletismo Friol

O Club Atletismo Friol ten unha historia relativamente curta para un colectivo con tanta pegada social e deportiva neste concello rural. Nos seus dez anos de historia saíu do ámbito educativo para chegar ás probas do máis alto nivel involucrando nas súas fazañas a toda a veciñanza.

Cando naceu o club e que percorrido tivo nestes anos?

O club naceu no 2012, cando cheguei ao colexio de Friol. Eu son profesor de educación física e unha parte do meu traballo está ligado á promoción e difusión do deporte reglado, neste caso do atletismo, que é o deporte ao que levo ligado dende que era neno. Polo tanto, levamos dez anos construíndo unha fermosa historia de paixón por un deporte que lle está abrindo moitas portas e dando oportunidades aos nenos e nenas do rural para poder competir nos mellores eventos que se disputan en territorio autonómico e nacional.

De que logros se sinten máis orgullosos?

Pode parecer que é unha frase feita ou unha forma de quedar ben, pero do que máis orgulloso estou é das estupendas persoas nas que se están a converter os mozos e mozas que se achegan o atletismo e que se adhieren con entusiasmo os valores deste deporte. Eso vale máis que calquera resultado, e mira cos temos tido moi bos. Este ano entramos entre os 20 primeiros no Campionato de España de cross de clubs a nivel absoluto. Deses 20 a cidade que menos tiña non baixaba dos 100.000 habitantes. Pois catro chavales que saíron do colexio dun pobo de 3.000 persoas lograron chegar á elite nacional nese evento. E eses catro son un exemplo para a cidadanía do seu pobo polo compromiso e actitude a nivel atlético e humano. É o reflexo para as novas xeneracións, que beben da súa forma de afrontar os adestramentos e actitude deportiva. Esa comunión interxeneracional é o auténtico éxito.

Cantos atletas teñen actualmente?

Temos máis de cincuenta atletas de menores e seis atletas que compiten a nivel absoluto. Tamén temos un máster, Nemesio Gutierrez, que compite a nivel nacional e internacional e a un moi bo nivel. Tamén queremos recuperar coa forza que tiñan antes da pandemia os atletas populares do pobo, dos cales moitos son pais e nais dos nenos, que dan un punto de exemplaridade os seus fillos.

Como se presenta a tempada? Que obxectivos hai?

Como todas, coa ilusión de ser disciplinado, constante e adecuando

os obxectivos de cada atleta ao seu nivel competitivo. María Carballido xa logrou estar no Campionato de España absoluto de pista cuberta. Oxalá poida estar no de aire libre. Cristian Montecelo, Alejandro Fernández, Nerea Lage e Adrián Lage esperemos poidan ser competitivos para afrontar o autonómico absoluto e os cadetes e infantís, pois seguir formándose tanto tecnicamente (o atletismo é un deporte moi técnico) como fisicamente.

Que iniciativas teñen en marcha?

Recuperar a dinámica previa á pandemia. Afianzar de novo a carreira popular do pobo, tal como se fixo este ano coa andaina, poder volver ofertar o campamento atlético de verán ao igual co ano pasado e crear algún evento máis coa axuda do Concello de Friol, co cal temos unha gran comunión para realizar estes eventos.

O club ten un gran calado social. Como se consegue iso?

Pois ni idea. Eu sempre lles digo aos chavales que teñen que estar moi orgullosos do que son e de onde son. Friol é un pobo magnífico para desenvolver calquer proxecto educativo e deportivo. E que son un orgullo do pobo por todo o que representan. Non se pode obviar o deporte do lugar onde estás e o que representas.

Cales son os proxectos máis inmediatos de futuro?

Tal como está o mundo, disfrutar do que se fai día a día. A vida e o atletismo son maravillosos e hai que disfrutar de cada adestramento e competición con gran intensidade.

E necesidades?

Sería fantástico ter unha pista, aínda que fose pequena, para poder adestrar cos elementos básicos do atletismo. Os chavales só meten os clavos ou saltan en foso ou colchoneta de altura cando compiten ou nos desplazamos a Lugo a adestrar. Eso é un hándicap moi importante, pero, o éxito está en adaptarse a todas as situacións e superar esos atrancos.

Contan con axuda para manter o club activo?

Si claro. O Concello fináncianos practicamente de forma íntegra a nosa actividade deportiva e eso é vital para nós. O club paga as fichas, a equipación, os adestramentos, todo, absolutamente todo no referido aos nosos nenos e nenas. Nunca cobre un euro a ningún en máis de 25 anos que levo no deporte base por practicar deporte e así me vou xubilar. Se non fose pola axuda do Concello de Friol nin existiríamos. Tamén nos axuda a empresa Semillas Sidipal, que leva varios anos proporcionándonos roupa



Felipe Barata atópase á fronte do club friolense

deportiva. Por suposto, agradecemento infinito a todos os que nos axudan a levar a cabo este proxecto formativo.

Que nos pode dicir da afección?

Pois mira, no Campionato de España Absoluto, os bares do pobo todos puxeron Teledeporte ás 8 da tarde para ver correr a María Carballido na súa proba dos 800 metros lisos e os veciños estaban todos ilusionados e pendentes de ver á súa nena tomar no máximo evento nacional. Esas cousas non hai diñeiro que o pague.

Ademais da competición programan outra serie de actividades. De cales se trata?

Ahora temos en mente, conxuntamente co Concello, facer algunha actividade física e deportiva relacionada coa igualdade de xénero. O máis seguro é que este ano xa concretemos algo.

Que tipo de seguemento teñen?

O mellor seguemento é o traballo diario e animar ás novas xeracións que veñen e ás que están por vir a que se adhiran a este deporte, que se che engancha, cámbiache a vida para sempre. O ambiente do atletismo é moi educativo. Aquí se felicitase sempre ao compañeiro, gañes ou perdas, o pique sano finaliza no momento que se pasa a liña de meta. No atletismo apláudese o salto do rival e non está permitido nin o mínimo xesto de menosprezo, nin por suposto, a mínima trampa para mellorar o rendemento deportivo. Aquí impera a disciplina e o traballo intenso, non hai medias tintas, ou te achegas a el coa máxima intensidade e paixón ou mellor o deixas. A este deporte, que é o máis importante do panorama olímpico, hai que achegarse co respecto que merece.

A VIII carreira popular de Friol será o 9 de abril

A oitava edición da carreira popular retoma a súa celebración, despois do parón obrigado por culpa da situación sociosanitaria que todos coñecen. Será no mes de abril, como as últimas edicións.

Esta nova edición da carreira popular en Friol terá lugar o sábado 9 de abril, con saída na Praza de España (diante do Concello). Habrá dúas categorías: a de menores que comezará ás 17:15 horas e seis distancias diferentes (100, 300, 400, 2100 e dúas de 1400 metros); e a absoluta con dez categorías que terá como hora de inicio ás 18:00 horas, cuxo recorrido será de cinco quilómetros. Saída da Praza de España, Avenida de Lugo, ao pasar a gasolinera, estrada dirección Ousá ata a rotonda, onde se tomará a circunvalación dirección Friol, rúa Santa Isabel ata enlazar coa Avenida de Lugo, á altura do colexio da-



ráselle unha volta ao mesmo para entrar na meta.

A entrega de premios será sobre as 19:00 horas diante da casa consistorial.

Esta celebración deportiva xa é característica do Concello de Friol, pois debido ao éxito das anteriores edicións e ao aumento de público e participantes en cada nova edición, o Concello de Friol, continuará involucrándose tanto económica como organizativamente para poder repetir cada ano probas deportivas de este tipo.

Fran Pico fíxose coa vitoria no III Slalom Concello de Guitiriz

Gran expectación no Campo da Feira para disfrutar da terceira edición do Slalom Concello de Guitiriz Gran Premio Ruta da Auga, que dá inicio ao Campionato Galego de Slalom.

A competición iniciouse ao redor das catro da tarde pero pola mañá, ás 11 horas, realizáronse as dúas mangas de adestramentos. Os asistentes puideron gozar da destreza de pilotos da talla de Manuel Trevín, Fran Pico, Manuel José Souto, David Santos e Víctor Méndez.

O excampión Fran Pico, da escudería Moeche, foi precisamente o gañador da proba deste sábado tras impoñerse ao 36 pilotos presentes cun crono na primeira manga de 1.40.266, o único que baixou de 1.41.

A segunda praza correspondeu ao seu compañeiro de equipo Diego González, cun tempo de 1.41.127.

A categoría feminina, con cinco participantes, estivo liderada por Laura Rañal, do Scratch Fene, cun tempo de 1.53.646, quen obtivo tamén o trofeo Wash-Up Guitiriz.

A primeira vitoria en iniciación, con 16 pilotos en competición, foi para Iván Picallo, da escudería moeche, con 1.53.083, que o situou undécimo. O trofeo de debutantes, que o disputaban 5 competidores, foi para Jesús Veiga, tamén do Scratch Fene cun tempo de 1.58.918.

A Deputación impulsa o deporte coa Ruta BTT Terra Chá Queixo San Simón da Costa

A Deputación colabora coa VI Ruta BTT Terra Chá Queixo San Simón da Costa que se celebra o vindeiro sábado, 2 de abril, entre os concellos de Muras, Xermade e Vilalba. A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, participou na presentación desta cita que este ano contará con 250 participantes nas tres modalidades: larga, media e corta distancia.

A ruta dará comezo ás 9:00 horas con saída e chegada na praza da Constitución da capital chairrega. Poderán participar todos os ciclistas maiores de 15 anos que teñan unha licenza federativa en vigor. A ruta máis longa percorre ao longo de 61 quilómetros os tres concellos, con 1.300 metros de desnivel positivo. Por outra banda, está a ruta de media distancia, de 54 quilómetros e 950 metros de desnivel positivo e, por último, unha proba máis sinxela de 35 quilómetros e 600 metros de desnivel positivo.

DEPUTACIÓN

Deputación e EOI ofrecen axudas para incorporar mozos en prácticas remuneradas

A Escola de Organización Industrial (EOI) xunto coa Deputación convocaron unha liña de axudas por un importe total de 210.000€ para empresas e asociacións da provincia interesadas en contar con mozos e mozas en réxime de prácticas non laborais remuneradas. O prazo de solicitude abriuse este mércores tras a publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE) da convocatoria, enmarcada no programa Reinicia-te: Enfoca o teu futuro que teñen en marcha a institución provincial e a EOI, dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e que ten como obxectivo favorecer a inserción laboral da mocidade en profesións con alta demanda, como son as vinculadas coas novas tecnoloxías e a dixitalización, a través de formación gratuíta e prácticas remuneradas.

Estas axudas servirán para sufragar

as becas que percibirán os rapaces e rapazas por un período de prácticas non laborais de tres meses. A remuneración total que como máximo recibirá o alumno ou alumna é de 2.084,47€, o que supón 1,2 veces o IPREM mensual. No caso de persoas cunha discapacidade superior ao 33%, a contía total a percibir será como máximo de 2.431,88€ por alumno, 1,4 veces o IPREM mensual. Cada entidade ou empresa beneficiaria das axudas poderá contar con varios alumnos ou alumnas.

Poden optar a esta convocatoria todas aquelas empresas de calquera sector, asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro da provincia de Lugo que queiran incorporar no seu equipo a mozos para prácticas non laborais e que firmen un convenio co Servizo Público de Emprego con esta finalidade.



Presentación do programa Coñece a túa provincia

Estrea da nova tempada de Coñece a túa provincia

A Deputación estreou a segunda edición do programa de viaxes gratúitas Coñece a túa provincia, do que se beneficiarán máis de 3.000 persoas de 136 asociacións e colectivos lucenses. Nesta segunda edición os usuarios e usuarias viaxarán en dúas quendas que permitirán coñecer a provincia en primavera, dende hoxe e ata o 30 de xuño, e en outono, de setembro a novembro.

A primeira entidade beneficiaria, a Asociación Provincial de Amas de Casa e de Consumidores de Lugo Lucus, visitou o Pozo da Ferida e o concello de Ferreira do Valadouro para despois seguir a ruta no castelo de Castrodouro e a Finca Galea, ambos en Alfoz. A ruta comezou cun percor-

rrido polo Pazo de San Marcos onde puideron coñecer a súa historia.

80 asociacións e colectivos da provincia participarán ata o mes de xuño nas visitas coas que percorreren o patrimonio natural, histórico, gastronómico e cultural dos concellos lucenses", explicou García Porto. A primeira parada de cada viaxe realizarase sempre nun espazo de titularidade provincial, como pode ser o Pazo de San Marcos, o Centro de Producción Audiovisual, a Granxa Gayoso Castro, o Centro de Interpretación Terras do Miño ou o Mazo de Santa Comba.

A institución provincial recibiu 170 solicitudes durante o período de inscrición, das que foron admitidas 135.



A Deputación reclama á Xunta un plan para a rede de telefonía móbil

A Deputación reclama á Xunta de Galicia que elabore un plan para que os concellos poidan afrontar os gastos que traerá consigo a instalación da rede de telefonía móbil que o Goberno autonómico proxecta para 290 entidades de poboación galegas. Piden que asuma directamente estes gastos ou que elabore un plan de axudas específicas para evitar que os municipios teñan que facer fronte coas arcas locais a estes investimentos. Así o acordou o Pleno provincial deste mes de marzo a proposta do PSdeG, cos votos a favor de socialistas e nacionalistas, e a abstención do PP.

O Deputado de Cooperación e Asistencia aos concellos, Xosé María Arias, explicou que o Goberno autonómico ten proxectado a mellora do servizo de telefonía móbil para mellorar a cobertura duns 7.000 habitantes galegos, pero deixando da man dos concellos os custos de levar a acometida eléctrica ás torres de telefonía móbil. "O plan de dixitalización do rural galego e lucense dista moito da realidade. A Xunta agocha que a parte máis gravosa dos traballos vai recaer nos concellos, xa que

serán eles os encargados de atopar as parcelas para instalar as torres de telefonía, tamén terán que poñer estas parcelas a disposición da Xunta, así como sufragar todos os gastos que xurdan do proceso, tendo en conta que maioría das parcelas estarán situadas en mans privadas", especificou.

Na súa intervención, Xosé María Arias explicou que "a Xunta saca peito de investir 3,7 millóns de euros de fondos públicos para este plan, o que supón 12.700€ para cada núcleo de poboación", pero incide en que pola súa banda, "a Xunta reclámalle uns gastos aos concellos que poderán supoñer un cargo nas arcas municipais de entre 60.000€ e 200.000€, dependendo do concello".

"É lamentable que case dous anos despois a Xunta non teña un plan integrado de dixitalización que estea financiado por fondos europeos, nun rural inmerso nesta enorme fenda dixital", subliñou. "Esta é unha chapuza máis, un remendo do Goberno galego que non soluciona nada, e unha vez máis vemos como a Xunta encarga que paguen outros". Así mesmo, afirmou que "entende-

mos que un goberno que deixa sen executar o 51% dos fondos europeos que percibe da Unión Europea, 1.400M€, non está lexitimado para reclamarlle aos concellos que asuman o custo dunhas infraestruturas básicas para o desenvolvemento de Galicia".

Arias recordou, ademais, os anuncios de Feijóo en decembro de 2020 sobre a Estratexia Galicia Dixital 2030 que pretendía mobilizar 4.000 millóns de euros para aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sostible co impulso de solucións intelixentes no plano social, económico e ambiental, cunha estratexia que recollía fondos para o período 2021-2022. "O investimento para o período 2022/2023 é de 3,7M€ de fondos públicos, polo que custa crer que a ese ritmo se teñan investido os 2.400 millóns que prometera Feijóo antes de decidir que Galicia lle aburría e que era mellor marchar a Madrid".

O Pleno aprobou unha Declaración Institucional para condenar a agresión que está cometendo Rusia contra Ucraína. Foi acordada de xeito unánime por PSdeG, BNG e PPdeG.

Aprobación do Plan Único en abril

José Tomé Roca, anunciou que o Goberno elevará a un Pleno extraordinario, que se celebrará o vindeiro martes 5 de abril, o debate e aprobación da relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar ao abeiro do Plan Único 2022, que nesta anualidade conta con 21,5M€ de fondos da institución provincial. As entidades locais danlle prioridade aos investimentos -aos que dedicarán 14,6M€, preto do 70% do total dos fondos, para acometer máis de 560 obras e subministracións- seguido da creación de emprego, á que

destinan 3,5M€, cos que crearán 300 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que reciben 3,2M€ para atender a máis de 3.000 persoas. Dedicarán tamén 200.000€ para medidas sociais e económicas de loita contra o impacto da pandemia.

Para o Plan, a Deputación achega 21,5M€, unha cantidade importante coa que o Goberno provincial reforza o seu compromiso de cooperación cos concellos para que poidan manter e mellorar a prestación de servizos á cidadanía. Este programa de investimentos inxecta en total máis


de 25M€ de fondos públicos na sociedade e na economía sumando os 21,5M€ que dedica institución provincial e as achegas dos concellos.

Os concellos presentaron as súas propostas para investir estas importantes partidas económicas da institución provincial aos distintos programas establecidos: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); fomento do emprego; actividades culturais; actividades deportivas; actuacións/eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; protección civil; e emerxencia sanitaria.

COLABORACIONES

O docente, figura insubstituíble

O PUPITRE



Julio Díaz

Os docentes son un pilar insubstituíble na educación por ser ademais de administradores de coñecementos, axentes que xeran profundos cambios nos seus alumnos/as. A función do docente, hoxe máis que nunca, é insubstituíble na aula. O seu labor consiste en motivar aos seus alumnos/as, orientarlles, espertar neles unha cultura do esforzo, do traballo. Xuntos, docente e alumnos/as, deseñan, planean, descubren e emprenden co fin de avanzar e innovar. Os estudantes hoxe atópanse cunha gran cantidade de ferramentas, de información, de opcións e ante iso nós debemos ser capaces de motivarlles a ser constantes, a aprender a seleccionar e a orientar os seus esforzos á vez que compartimos con eles os nosos coñecementos e as nosas experiencias.

A verdade é que, aínda que o confinamento pillounos a todos por sorpresa, e cando se decretou o peche dos centros educativos, os docentes soubemos adaptarnos e en moi poucos días fomos capaces de trasladar a actividade educativa das nosas aulas ás nosas casas, convertendo as nosas habitacións en espazos que irradiaban coñecementos e os nosos salóns en verdadeiros estudos de televisión, que nos permitiron facer un seguimento e un acompañamento educativo para que ningún dos nosos alumnos/as quedasen descolgados. Perseguímos por terra, mar e aire, todos os días da semana, sen horarios para que as desigualdades sociais non creasen brecha nos máis desprotegidos e desfavorecidos. Tivemos que adaptarnos de maneira exprés á aprendizaxe a distancia e manexar novas ferramentas dixitais, a maioría das veces sen a formación adecuada para iso, co hándicap de carecer das infraestruturas e medios necesarios e con verdadeiras dificultades para conseguilas, dada a situación de confinamento no que



nos atopábase.

Os docentes estivemos na primeira liña para garantir a continuidade dunha aprendizaxe de calidade cando os nosos centros estaban pechados e desempeñamos un papel cruce ao longo de toda a pandemia, aínda que para nós apenas houberse aplausos.

Desempeñamos un labor especialmente difícil nos últimos tempos e se algo positivo deixounos esta pandemia é que puxemos de manifesto o valor do docente nas nosas

aulas educativas e no conxunto da sociedade. Estivemos en primeira liña nos momentos máis difíciles, proporcionando coñecementos e sobre todo apoio socioemocional aos nosos alumnos cunha especial dedicación e agarimo cara aos máis vulnerables e con menos medios.

A pandemia de COVID-19 sacou á luz as debilidades e gretas do sistema e reclámanos certos aspectos que debemos reforzar e potenciar para poder alcanzar un sistema educativo que se adapte aos nosos alumnos/as e a unha sociedade moderna e cambiante, avanzando así cara a unha verdadeira educación do século XXI.

Outra importante lectura que debemos facer destes durísimos dous últimos anos é que a presencialidade na aula é vital para os nosos mozos, pero tamén que as novas tecnoloxías achégannos unha infinidade de vantaxes, oportunidades, recursos e medios. Ña miña opinión, sería temerario esquecer a experiencia vivida e desmontar os mecanismos, as pautas e as prácticas que orixinamos para manter unha edu-

cación de calidade en funcionamento máis aló da presencialidade, pero non esqueamos nunca que non se pode pensar nunha educación que non procura a proximidade, a mirada cómplice, o fortalecemento que produce ao neno e ao adolescente crecer e amarear coñecementos e destrezas, día a día, en compañía dos seus docentes. O valor da profesión docente é insubstituíble e non van a ser a tecnoloxía, as aulas virtuais, o ensino en liña, a realidade virtual, as videoconferencias, Zoom, Teams, Meet.. as que van salvar a educación despois de dous anos de profunda pandemia, senón os docentes que estamos ao pé do canón todos os días.

É moi difícil predicir o futuro, pero desde o meu punto de vista a presencialidade é irrenunciabile na profesión docente, aínda que as novas tecnoloxías bríndannos multitude de vantaxes e oportunidades e sería moi positivo complementalos, permitíndonos así crear un sistema máis completo e máis robusto, aproveitando o presencial e o en liña.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSEPITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa: 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VIALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TELÉFONOS DE INTERESE

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

A soberanía alimentaria. Unha necesidade real

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Sen dúbida, estamos a vivir uns tempos convulsos, moi complexos e que albiscan un futuro inmediato impredecible e moi pouco propicio. A invasión de Ucraína por parte do exército ruso está a provocar morte e destrución, o típico nunha guerra destas características, onde unha potente maquinaria armamentística tenta neutralizar e dobregar a un pobo que non quere desta vez axeonllarse ante os seus atacantes. As imaxes que contemplamos

nos medios de comunicación nas últimas semanas fan por si soas. As consecuencias desta intervención militar a grande escala estámolas a observar desde o primeiro día, visualizadas sobre todo neses centos de miles de refuxiados que cruzaron as fronteiras en dirección á Europa Comunitaria, que esta vez está a responder de forma inmediata e cun nivel de implicación admirable.

Pero un conflito como este tamén afecta ó conxunto dos países europeos, e non soamente pola marea de persoas que están chegando, senón polo impacto no conxunto da economía. Porque desas terras, tanto de Rusia como de Ucraína, que distan a

máis de tres mil quilómetros de aquí, ven o gas e tamén unha boa parte dos cereais que utilizamos para a elaboración dos pensos que alimentan a nosa gandería. Estamos asistindo por unha banda a un auxe desmesurado dos prezos e pola outra certa escaseza –que pode ser incrementada– dalgúns produtos. E aí estamos atrapados, aflorando as nosas deficiencias, en concreto, cubrir as necesidades primarias, as de alimentación. Porque resulta que en Galicia e no conxunto de España non se produce o suficiente millo, cebada, avea, centeo ou trigo para satisfacer a demanda real. Aquí preséntanos unha enorme contradición que nos leva a preguntarnos se

acaso nosoutros, os galegos, non somos quen de, nas nosas agras, campos e chairas, producir todos eses cereais; acaso non se cultivaron sempre e con aceptable éxito de colleitas... Son cuestións que se plantexan de maneira retórica, porque semella evidente que a resposta é Si. Entón, chegamos ata o concepto co que titulamos este artigo: Soberanía alimentaria. Non é de recibo que teñamos que importar millo para o gando desde Ucraína ou desde América, cando aquí existen condicións favorables para o seu cultivo. E o mesmo poderíamos dicir do trigo ou centeo para a elaboración do pan, si, pan do País, o de toda a vida. Ata a produción de xirasol tería probabili-

dades de ser rendible. Atesouramos unhas capacidades que non se están aproveitando.

Igual temos que deixar a un lado esa teima obsesiva de encher o monte de eucaliptos, repensar en ordear o Noso Agro e planificar con algo máis de xeito de cara o futuro. O sector primario é quen produce os alimentos indispensables para a supervivencia humana, de aí a súa importancia, polo que non se pode concebir un país sen esta parte esencial da súa economía. Quizais sexa este un punto de inflexión para dar un xiro de cento oitenta graos e sermos quen de modificar certas tendencias que non levan por bo camiño. Pois a ver ...

Outro mundo é posible

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

A finais do século pasado, aparecía un termo que xerou controversia dende aquela: globalización, para referirse a un proceso económico, tecnolóxico, político, social e cultural a escala mundial, baseado na crecente comunicación e interdependencia entre os distintos países, unindo os seus mercados a través dunha serie de transformacións sociais e políticas que lles brindarían un carácter global. A sociedade, de súpeto, abría as súas portas á revolución informática, chegando a un nivel de liberalización salvaxe no terreo ideolóxico, no ordenamento xurídico e nas relacións internacionais.

Dous xornalistas e pensadores galegos –Ramón Chao e Ignacio Ramonet– advertían naquel tempo dos riscos da globalización, “que acaba con todo” –dicían–, entre outras cousas, coa prensa, “que pasará a estar controlada polo poder económico e polas grandes multinacionais”. E moita xente non soubo interpretar o discurso, que non era catastrofista, senón máis ben pesimista coa realidade do momento e, sobre todo, inconformista. Así xurdiu o movemento ATTAC –Asociación pola Taxación das Transaccións financeiras e de Axuda aos Cidadáns– en 1998, logo da publicación dun editorial de Le Monde Diplomatique titulado “Desarmar os mercados”. A

globalización estaba a construír un “Estado” propio, co seu aparello, redes de influencia e medios completamente independentes da sociedade, e actuaba desestruturando as economías nacionais, desprezando os principios democráticos, presionando aos países, e esixindo máis e máis beneficios, mentres se incrementaba a desigualdade.

Nestas semanas asistimos ás consecuencias da globalización. Deixemos de rosmar, pois estábamos avisados polos voceiros altermundialistas, que nos alertaron dos danos colaterais do neoliberalismo –como a externalización ou a deslocalización– e nos animaron



no seu día a pensar en solucións ecolóxicas e democráticas, co obxectivo de garantir os dereitos fundamentais da cidadanía. Neste novo escenario, agora vemos como a protesta dos transportistas ameaza con enquistarse; os paros, que arrincaron a mediados de marzo, lonxe de disiparse, medran. E os efectos percíbense nos estantes dalgúns establecementos, onde quedaron baleiras

as zonas de produtos coma o leite e os frescos. Tamén asoman os problemas de abastecemento en fábricas, industrias e plataformas de construción. A oferta inicial do goberno, cun paquete de subvencións de cincocentos millóns para o gasóleo dos profesionais, non convenceu a boa parte das patronais que agrupan a autónomos e pemes, nin tampouco á plataforma de camioneiros que convocou a folga, e finalmente rematou en mil douscentos millóns. E ante a repercusión no consumo, supermercados, grandes superficies e fabricantes piden unha saída a esta crise, que golpea as súas contas e pon en risco miles de empregos. Un panorama desolador. Por sorte e grazas a unha boa negociación política, menos mal que conseguimos o recoñecemento europeo de España e Portugal como “illa enerxética”.

Se algo sorprende durante as semanas de folga é que os problemas concentráronse fundamentalmente en Galicia, epicentro das mobilizacións de transportistas. A explicación vén polo peso que ten aquí o sector primario. Tanto a pesca coma o sector lácteo da nosa terra teñen unha importancia vital para fornecer de materia prima ao resto do Estado. As principais organizacións dos sectores agrario e da alimentación pediron rematar a convocatoria coa máxima urxencia, ao considerar que pon en risco o abastecemento de produtos, así como a continuidade de miles de negocios. Os problemas de desforneamento en sectores

O RECUNCHO DE CANELINA



como a automoción e a construción, asociados onte á pandemia e hoxe á guerra en Ucraína, xunto coa folga de transportistas, provocaron paróns nas obras ao comezo desta primavera. Para evitar o colapso do sector, a patronal das empresas que fornecen os materiais para construción, rehabilitación e reforma xa reclamou un plan de choque que garanta a circulación nos puntos clave de provisión e asegure a distribución en fábricas e centros loxísticos. Co transporte paralizado, as familias sen poder facer fronte aos prezos da enerxía, as factorías paradas, as lonxas saturadas de peixe e o campo a piques de sucumbir, é urxente adoptar medidas que axuden a superar esta situación caótica

“in crescendo”. Como xa fixeron Alemaña, Francia, Italia, Portugal, Bélxica, Irlanda ou Polonia. Estamos a vivir o fin da globalización, que nos acompañou durante tres décadas e que se confirmou coa caída da Unión Soviética e o remate da Guerra Fría. Chega unha nova orde mundial (no económico, no social, no político e, por suposto, no eido xeoestratéxico), que require novas ideas e novos proxectos, que pasarán –irremediabilmente– pola reactivación do mercado local. A preservación do planeta non virá do progreso tecnolóxico nin do mercantilismo dos recursos naturais, senón dunha redefinición radical do desenvolvemento en ruptura co productivismo e co consumismo. Porque outro mundo é posible!!!

Non ás guerras!

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Parece que agora a UE está contra as invasións, porque os estadounidenses levan desde 1775 máis de 61 invasións en 41 países e nunca se viu nos medios unha campaña propagandística similar á que organizaron agora pola intervención rusa en Ucraína. Vendo as televisións, escoitando as radios e lendo os periódicos comisionados polos Governos, dá a impresión de que o mundo vai moi ven, pois din que só hai unha guerra, cando hai tantas e con crisis humanitarias moito máis fortes que a de Ucraína. Guerras contra as que tamén estou, que estaban caladas e seguen máis caladas aínda desde o 24 de febreiro, de aí que o título sexa en plural. Pero a hipocrísia e o racismo destes gobernos occidentais non ten límite, pois recollen aos que escapan daquel inferno mentres protexen as súas fronteiras con vallas de afiadas coitelas para que non entren os que foxen doutras guerras, ou da fame, e deixan afogar no Mediterráneo aos subsaharianos que ousan cruzalo. Sei que Putin é un imperialista, dunha extrema dereita parecida a VOX, polo que diverxemos moito ideoloxicamente, pero iso tampouco me dá dereito a tomar unha postura ante un feito de tanta transcendencia sen analizar antes as causas que propiciaron a súa decisión de intervir nunha nación soberana. Estamos en guerra e hai que reflexionar, dicían os Resentidos. En primeiro lugar, compre ter en conta que esa guerra non empezou o pasado 24 de febreiro, senón que foi en febreiro do 2014, cando mediante unha revolución de cores organizada pola CIA, que coa axuda dos neonazis ucráinos derroca ao lexítimo presidente elixido polo pobo, Víktor Yanukóvich, para meter a Ucraína na OTAN e acurrallar ao oso ruso colocando alí mísiles e destruír ese país.

Logo, o novo goberno prohibiu os partidos de esquerdas, así como falar ruso en Donetsk e Lugansk, polo que estes pobos levantáronse en armas contra os golpistas e decidiron independizarse nun referendo, pero como as autoridades de Kiev non recoñeceron a independencia e tampouco Rusia o fixo daquela, o conflito seguía e só despois, por mediación de Putin, firmaron o Protocolo de Minsk, baixo os auspicios da Organización para a Seguridade e



a Cooperación en Europa (OSCE), acordando parar a guerra e darlles unha autonomía, pero o exército ucráino e os grupos armados nazis non respectaron ningún dos doce puntos do Protocolo e seguiron bombardeando á poboación rusófila deses pobos, asasinando desde 2014 máis de 14.000 persoas, pero o presidente Volodímír Zelenski facía oídos xordos.

Ante o incumprimento do Protocolo, Rusia chamou a respecto e parar as masacres no este de Ucraína, pero mentres tanto EE.UU non daba puntada sen fio e provocaba constantemente con manobras militares e incursións aéreas e navais en territorio ruso, co fin de provocar un conflito e prometéndolle a Zelenski que os ían meter na OTAN, cando Putin deixou en todo momento moi claro que esa era unha das liñas roxas que non ía permitir: Non quería mísiles en Ucraína apuntando a Moscova, nin bases americanas nas súas fronteiras, do mesmo xeito que Kennedy non quixo mísiles soviéticos en Cuba en 1962, polo que lles recoñeceu a independencia e decidiu intervir.

A verdade non se pode buscar acochándoa coa censura, e a mentira hai que combatela e desenmascarala coa verdade, pero os occidentais pretenden impoñernos a súa razón censurando "Russian Today TV", máis de 2.000 medios rusos e o documental que estaba en Youtube, "Ucrania en llamas", do estadounidense Oliver Stone sobre o golpe de estado de 2014, o que delata que teñen moito que acochar.

Pero, como a mentira ten as patas moi cortas e o seu recorrido é tamén escaso, sempre hai alguén que a destapa. Nesta ocasión foi un experto militar estadounidense e ex-asesor do Pentágono, o coronel retirado Douglas MacGregor, nunha entrevista que calquera

pode ver en Youtube si non a censuran, nega as informacións que nos dan os medios occidentais sobre a resistencia do exército ucráino e o fracaso do exército ruso. Asegura que os "neonazis ucráinos arruinaron os acordos de Minsk"; que Rusia "xa conseguiu todos os seus obxectivos de destruír as forzas ucráinas" e que si a cousa foi mas lenta do debido é porque "Putin deu ordes estritas de evitar vítimas civís e grandes danos á propiedade", cando os "gobernos occidentais aseguran que é pola debilidade rusa e están aportando armas para prolongar a guerra". Di que esas ordes de Putin frearon o avance dos rusos e deron falsas esperanzas aos ucráinos, o que occidente aproveitou para convencernos de que lle están producindo unha derrota, cando é todo o contrario. Afirmo o militar estadounidense que o obxectivo de Washington é que non haxa unha tregua, alargando o conflito o máis posible para danar máis a Rusia coas sancións económicas e para venderlles máis armas aos probes ucráinos, que pagan coa súa vida os caprichos do primo de Zumosol, que os meteu no lío e deixounos na estacada.

Outros que pagamos o pato, debido á inflación que se dispara polas sancións a Rusia, somos todos os occidentais. Pero aos gobernantes europeos non lles importa. Eles seguen lambéndolle as botas ao Tío Sam e, na vez de apostar pola negociación e parar a guerra, apostan polo negocio, poñendo máis armas (que tamén pagaremos nós) nas mans de soldados coma o da foto, que leva un parche da coñecida caveira Totenkopf das SS nazis e vai armado con un lanza foguetes español C-40 enviado polo soldado Sánchez, presidente dese goberno que se di progresista.

PASATEMPOS

Fácil

			9	2			
7	8	6	5		3		
		9		8		7	5
9	6		8			4	
5		3		6			8 9
			7	9	1		6
			4	1		3	
		8		5			4
3						8	5

Difícil

	6		2	7		4	5
5				8			
		4	6			9	2
						7	4
	7	5	6	4			
	3					8	2
	8					6	3
		8	3				
6	9			5	2		7

SOLUCIÓNS

5	1	8	2	7	3	4	9
8	7	2	4	1	5	6	3
7	3	4	1	6	2	5	8
2	9	1	5	7	8	4	6
8	7	3	2	6	4	1	5
2	9	1	5	7	8	4	6
8	7	3	2	6	4	1	5
2	9	1	5	7	8	4	6

Fácil

7	2	8	1	4	5	6	3	9
1	8	3	6	4	9	7	2	5
5	8	2	7	6	1	4	8	3
4	5	3	9	1	7	8	6	2
2	8	7	5	6	4	1	3	9
0	1	6	3	2	8	5	7	4
3	7	4	6	5	1	9	2	8
5	9	2	4	8	3	7	1	6
8	6	1	2	7	9	3	4	5

Difícil

Consulta os eventos en:
www.terrachaxa.com



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono: 661-464-323

redaccion@terrachaxa.com

DE RUTA EN RUTA

Begonte: Ruta dos caneiros

Partindo do Club Fluvial de Begonte, discorre pegado aos ríos ata rematar na capela gótica de Santo Alberte

Fermoso roteiro de ríos e bosques que discorre polo municipio de Begonte, en territorio protexido incluído dentro da Reserva da Biosfera Terras do Miño e encadrado tamén dentro do Lugar de Interese Comunitario Parga, Ladra e Tá-moga, na que pódese ter a ocasión de contemplar a fantástica contorna natural que atesouran os ríos Ladra e Parga, no medio duns bosques espectaculares e case virxes.

Partindo do club fluvial de Begonte, o roteiro discorre sempre por carreiros pegados aos ríos, atravesando bosques salvaxes e con abundante vexetación, podendo contemplar distintos elementos etnográficos vinculados ao auga como muíños ou os típicos caneiros, que podían ser construcións para reter e desviar a auga dos ríos para conducila ao propio muíño, ou tamén presas construídas en forma de V para a pesca da anguía ou lamprea.

Tras pasar polo club fluvial de Baamonde, chégase ao límite co

municipio de Guitiriz para terminar na capela gótica de Santo Alberte e a súa ponte medieval, situados nun bonito lugar.

O roteiro é espectacular e moi belo, con bosques salvaxes e enmarañados, pero é difícil describir o grao de abandono da mesma, que tería que estar en perfecto estado ao ser un roteiro oficial. Abundante vexetación, pontes e pasarelas rotas, áreas recreativas abandonadas e invadidas pola vexetación, e apenas sinais, son a tónica dominante na mesma. Unha auténtica vergoña que as infraestruturas para o #gozar do camiñante déixense abandonar así.

É imprescindible levar un GPS, botas altas e pantalóns longos pola abundante vexetación se a ruta se fai en tempo de inverno ou outono cando o campo e a terra aínda non secou o suficiente.



DATOS



4 horas



13,5 km.



Dificultade media



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05